



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO ORDINARIO NÚM. 4 DO 29 DE FEBREIRO DE 2024**

**Exp. núm.: 2024/G010/000004**

### **PERSOAS ASISTENTES**

#### **PRESIDENTA:**

Da. María Lago Lestón (BNG)

#### **CONCELLEIROS/AS:**

Da. Laura Eiras Rivadeneira (BNG)

D. Mario Martínez Lago (BNG)

Da. Maruxa Martínez Romaní (BNG)

D. Damián Torea García (PSOE)

Da. Sandra Maneiro Pais (PSOE)

Da. María Inés Monteagudo Romero (PP)

D. José Vázquez Rama (PP)

Da. María del Carmen González García (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

D. Manuel Secundino Lago Álvarez (MC)

Non asisten pero xustifican a súa ausencia as concelleiras, Da. Caridad González Cerviño (PSOE) e Da. María Manuela Leis Cambeiro (PP).

#### **ORDE DO DÍA:**

##### **A. PARTE DISPOSITIVA**

**PRIMEIRO.** Aprobación das actas anteriores núm. 1 do pleno extraordinario do 22 de xaneiro de 2024 e da núm. 2 do pleno ordinario do 25 de xaneiro de 2024

**SEGUNDO.** Declaración institucional con motivo do Día Internacional da Muller, 8 de marzo 2024 (Exp. núm.: 2024/G012/000006)

**TERCEIRO.** Acordo de modificación do cadro de persoal anexo ao orzamento municipal para o ano 2021, prorrogado para o ano 2024 (Exp. núm. 2024/E001/000002)

**CUARTO.** Aprobación do regulamento de premios de deportes para deportistas do Concello de Muros (Exp. núm.: 2023/Q001/000015)

**QUINTO.** Aprobación do regulamento da agrupación de voluntarios protección civil de Muros (Exp. núm.: 2023/A006/000009)



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

**SEXTO. Incorporación ao inventario de bens municipal do Concello de Muros da parcela 213 situada en Sistamares, Muros (Exp. núm.: 2023/G003/001038)**

**B. MOCIÓN DE URXENCIA**

**C. PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO**

**SÉTIMO. Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 2/2024 do 2 de xaneiro de 2024 ata a núm. 78/2024 do 30 de xaneiro de 2024, e das XGL núm. 1 do de 10 de xaneiro de 2024 e da núm. 2 do 24 de xaneiro de 2024 e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal**

**OITAVO. Rogos e preguntas**



## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

No salón de sesións da Casa Consistorial sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia, reúnen-se na primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, a secretario accidental do Concello que certifico.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a señora alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

### ORDE DO DÍA:

#### D. PARTE DISPOSITIVA

##### **PRIMEIRO. Aprobación das actas anteriores núm. 1 do pleno extraordinario do 22 de xaneiro de 2024 e da núm. 2 do pleno ordinario do 25 de xaneiro de 2024**

A señora alcaldesa, Da. María Lago Lestón, sinala que traen as actas núm. 1 do pleno extraordinario do 22 de xaneiro de 2024 e a núm. 2 do pleno ordinario do 25 de xaneiro de 2024 para a súa aprobación.

A Sra. Monteagudo indica que quere facer observacións á acta número dous. Di que no primeiro parágrafo na páxina seis dixo: *...gobernando neste concello unha escisión do BNG...* E no primeiro parágrafo da páxina sete que tamén fixo referencia ao saneamento do porto de Esteiro e que non aparece na acta. E en canto á moción das Carrilanas, sinala que é unha moción de apoio á asociación, non de que esta estea presente en FITUR.

O Sr. Lago di que non está conforme coa redacción polo que se vai a abster con respecto á acta número dous.

A señora alcaldesa dá paso á votación da acta núm. 1 do pleno extraordinario do 22 de xaneiro de 2024, e cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal do BNG (3), do grupo municipal socialista (2), e do grupo mixto Muros Centrado (1); e coa abstención da concelleira Da. Laura E. Rivadeneira (1), o Pleno co corporación aprobada a acta núm. 1 do pleno extraordinario do 22 de xaneiro de 2024.

Deseguido, dá paso á votación da acta núm. 2 do pleno ordinario do 25 de xaneiro de 2024 coas modificacións indicadas, e cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal do BNG (4), do grupo municipal socialista (2); e coa abstención do grupo mixto Muros Centrado (1), o Pleno da corporación aprobada a acta núm. 2 do pleno ordinario do 25 de xaneiro de 2024.

##### **SEGUNDO. Declaración institucional con motivo do Día Internacional da Muller, 8 de marzo 2024 (Exp. núm.: 2024/G012/000006)**

A señora alcaldesa di que vén ditaminada favorablemente pola comisión informativa e que lle cede a palabra á Da. Maruxa Martínez para que explique a proposta:

##### ***“PROPOSTA DA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER, 8 DE MARZO 2024***

*O 8 de marzo é, dende hai máis de cen anos, unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres. Reinvidica e visibiliza a loita das mulleres polos seus dereitos, a participación, o recoñecemento na sociedade e o desenvolvemento íntegro como persoa en pé de igualdade cos homes. Esta é unha proposta herdada das feministas como Clara Zetkin que en 1910 impulsaron tal data e que posteriormente foi institucionalizada polas Nacións Unidas en 1975, proclamando o 8 de marzo como o Día Internacional da Muller.*

*Desde ese momento é unha data na que poñer en valor os avances que se conseguiron nos últimos anos mais tamén de reivindicación polo que queda por conseguir. Exemplo disto é como nos últimos anos, a forza do feminismo galego conseguiu desenvolver mobilizacións absolutamente históricas, nas que o noso país amosou o seu compromiso coa construción dunha sociedade máis xusta.*



*Avanzamos cara o inconformismo e á convicción de milleiros de mulleres e de asociacións e grupos de mulleres que contribuíron a facer do feminismo un movemento cada vez máis hexemónico e que defenderon co seu esforzo e mesmo coas súas vidas a conquista de novos dereitos. Mais sabemos tamén que o mundo vive un momento de profundas transformacións sociais e económicas e que historicamente cada crise foi aproveitada polo patriarcado para se fortalecer.*

*Hoxe en día, malia os avances que temos conquistado, estamos a ver como os dereitos tamén se poden perder. O cuestionamento da existencia da violencia machista cando estamos a ser asasinadas ou violadas, o cuestionamento dos nosos dereitos sexuais e reprodutivos ou o intento de normalizar que sexan os nosos lombos o que soporten a degradación dos servizos públicos son perigos vixentes.*

*Neste senso, malia os dereitos conquistados nas últimas décadas -grazas á loita feminista- é preciso seguir impulsando medidas encamiñadas a garantir o cumprimento dos dereitos e obrigas recoñecidos a día de hoxe na lexislación vixente; impulsar novas políticas e seguir a traballar de maneira transversal en todos os ámbitos para conquistar novos dereitos e impedir calquera retroceso nos xa recoñecidos. Cómpre lembrar que ao longo da historia os nosos dereitos avanzaron grazas ao inconformismo e á convicción de milleiros de mulleres e de asociacións que contribuíron e contribúen a facer do feminismo un movemento cada vez máis hexemónico.*

*Desde o Concello de Muros expresamos o noso firme compromiso coa protección dos dereitos das mulleres, coa igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, así como coas políticas públicas encamiñadas a resolver as desigualdades materiais, simbólicas e de valor ás que se enfrontan as mulleres.*

*A desigualdade entre mulleres e homes é un problema estrutural que esixe unha resposta social forte. Por iso, é necesario neste 8 de marzo recoñecer os dereitos conquistados, recoñecer a fortaleza do feminismo galego e apoiar as súas mobilizacións publicamente.*

*Procuremos unha sociedade na que impere o modelo coeducativo enfocado á ruptura dos estereotipos de xénero así como valores como o respecto á igualdade e á diversidade. É o momento de sumar esforzos e seguir traballando conxuntamente para conseguir que a igualdade sexa unha realidade instaurada nos 365 días do ano. Mentres seguiremos traballando pola conquista e defensa dos dereitos das mulleres e berramos: Viva o 8 de marzo! Viva a loita das mulleres!*

*En base a todo isto esta Alcaldía eleva ao Pleno da corporación e ao estudo previo por parte da comisión informativa a adopción do seguinte acordo:*

**ÚNICO. Proposta da Declaración institucional con motivo do Día Internacional da Muller, 8 de marzo 2024"**

A Sra. Monteagudo di que son partidarios de que estes acordos se fagan por unanimidade aínda que non coinciden co contido da proposta, e sinala que non se lle enviou nada ao grupo de portavoces. Di que non ve ningunha programación e non ve vontade de executar acordos... O que é unha pena, xa que eles queren apoiar estes acordos. Para a comisión si traían propostas concretas e que as deixan sobre a mesa para que as valoren. Mais si teñen compromiso por iso van votar a favor.

O Sr. Lago di que todo o que se faga en favor da muller sempre será pouco. Sinala que a proposta é perfectamente válida.

O Sr. Torea afirma que están totalmente de acordo coa proposta.

A Sra. Martínez parécelle ben as propostas que realiza a Sra. Monteagudo, pero ela na comisión informativa dixo que non tiña nada que achegar. Di que con respecto á conciliación asinouse un convenio coas ANPA para o mantemento do servizo de madrugadores, que van a sacar a programación con respecto a este día, tamén se vai facer unha proposta de colaboración coa hostalería muradá para o fomento de protocolos, e tamén que se están levando a cabo os orzamentos con perspectiva de xénero... O que traen é só unha declaración institucional.



A Sra. Monteagudo di que na anterior lexislatura xa se acordara elaborar uns orzamentos con perspectiva de xénero. E sinala que é estupendo que se fagan proposta pero que se poden mellorar.

O Sr. Lago pide que se lles pida opinión sobre as programacións.

A Sra. Martínez afirma que para adherirse ao Sistema VioGén teñen que ter cubertas as prazas de policía local que quedarán vacantes por xubilación.

Rematadas ás intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal do BNG (4), do grupo municipal socialista (2) e do grupo mixto Muros Centrado (1), aproba por unanimidade a seguinte declaración:

### **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER, 8 DE MARZO 2024**

O 8 de marzo é, dende hai máis de cen anos, unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres. Reinvidica e visibiliza a loita das mulleres polos seus dereitos, a participación, o recoñecemento na sociedade e o desenvolvemento íntegro como persoa en pé de igualdade cos homes. Esta é unha proposta herdada das feministas como Clara Zetkin que en 1910 impulsaron tal data e que posteriormente foi institucionalizada polas Nacións Unidas en 1975, proclamando o 8 de marzo como o Día Internacional da Muller.

Desde ese momento é unha data na que poñer en valor os avances que se conseguiron nos últimos anos mais tamén de reivindicación polo que queda por conseguir. Exemplo disto é como nos últimos anos, a forza do feminismo galego conseguiu desenvolver mobilizacións absolutamente históricas, nas que o noso país amosou o seu compromiso coa construción dunha sociedade máis xusta.

Avanzamos cara o inconformismo e á convicción de milleiros de mulleres e de asociacións e grupos de mulleres que contribuíron a facer do feminismo un movemento cada vez máis hexemónico e que defenderon co seu esforzo e mesmo coas súas vidas a conquista de novos dereitos. Mais sabemos tamén que o mundo vive un momento de profundas transformacións sociais e económicas e que historicamente cada crise foi aproveitada polo patriarcado para se fortalecer.

Hoxe en día, malia os avances que temos conquistado, estamos a ver como os dereitos tamén se poden perder. O cuestionamento da existencia da violencia machista cando estamos a ser asasinadas ou violadas, o cuestionamento dos nosos dereitos sexuais e reprodutivos ou o intento de normalizar que sexan os nosos lombos o que soporten a degradacións dos servizos públicos son perigos vixentes.

Neste senso, malia os dereitos conquistados nas últimas décadas -grazas á loita feminista- é preciso seguir impulsando medidas encamiñadas a garantir o cumprimento dos dereitos e obrigas recoñecidos a día de hoxe na lexislación vixente; impulsar novas políticas e seguir a traballar de maneira transversal en todos os ámbitos para conquistar novos dereitos e impedir calquera retroceso nos xa recoñecidos. Cómpre lembrar que ao longo da historia os nosos dereitos avanzaron grazas ao inconformismo e á convicción de milleiros de mulleres e de asociacións que contribuíron e contribúen a facer do feminismo un movemento cada vez máis hexemónico.

Desde o Concello de Muros expresamos o noso firme compromiso coa protección dos dereitos das mulleres, coa igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, así como coas políticas públicas encamiñadas a resolver as desigualdades materiais, simbólicas e de valor ás que se enfrontan as mulleres.

A desigualdade entre mulleres e homes é un problema estrutural que esixe unha resposta social forte. Por iso, é necesario neste 8 de marzo recoñecer os dereitos conquistados, recoñecer a fortaleza do feminismo galego e apoiar as súas mobilizacións publicamente.

Procuremos unha sociedade na que impere o modelo coeducativo enfocado á ruptura dos estereotipos de xénero así como valores como o respecto á igualdade e á diversidade. É o momento de sumar esforzos e seguir traballando conxuntamente para conseguir que a igualdade sexa unha realidade instaurada nos 365



## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

días do ano. Mentres seguiremos traballando pola conquista e defensa dos dereitos das mulleres e berramos: Viva o 8 de marzo! Viva a loita das mulleres!

En base a todo isto esta Alcaldía eleva ao Pleno da corporación e ao estudo previo por parte da comisión informativa a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO. Proposta da Declaración institucional con motivo do Día Internacional da Muller, 8 de marzo 2024

### **TERCEIRO. Acordo de modificación do cadro de persoal anexo ao orzamento municipal para o ano 2021, prorrogado para o ano 2024 (Exp. núm. 2024/E001/000002)**

A señora alcaldesa explica a seguinte proposta que vén ditaminada favorablemente pola comisión informativa:

*“Visto o informe-providencia da alcaldía do 16 de febreiro de 2024 que consta no expediente onde se informa do incremento paulatino das funcións da praza de axente de sostibilidade dende a súa creación*

*Visto o informe de Secretaria sobre o procedemento a seguir e o informe de intervención*

*Visto que nos orzamentos municipais do ano 2021 esta praza ten unha xornada a tempo parcial, e sendo a todas luces, insuficiente esta porcentaxe de xornada para realizar as funcións actuais, esta Alcaldía considera necesario proceder á modificación de cadro de persoal para incrementar a xornada laboral da praza de axente de sostibilidade.*

*Polo exposto, de acordo co disposto no de acordo co artigo 22.2.i) da LRBRL proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO. A modificación do cadro persoal do Concello de Muros do ano 2021, prorrogado e publicado no BOP núm. 124 do 5 de xullo de 2021 no referente a praza de axente de sostibilidade, encadrada como persoal laboral, que quedaría como segue:*

Nº	Denominación do posto de Traballo	Réxime laboral	Salario Base	Nº trienios	Trienios	Pagas extras	Comple. Destino	Comple. Específico
29	Axente de Sostibilidade	Tempo 100%	17.381,82*	4	2.243,26*	3.270,84*	0,00	0,00

*SEGUNDO. Publicar esta acordo no taboleiro de edictos da corporación e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña por un período quince días hábiles.”*

A Sra. Monteagudo di que están de acordo e pregunta se se levou á mesa de negociación e queren saber se van crear unha nova praza de auxiliar de Intervención e se se pagou algún trienio máis.

O Sr. Torea sinala que están totalmente de acordo coa proposta pola carga de traballo que ten a persoa que ocupa a praza.

O Sr. Lago tamén sinala que está de acordo e que non entende por que non aparece o nome da persoa.

A señora alcaldesa responde que están falando de prazas e non de persoas, e o que modifican é a praza de traballo. En canto aos apuntamentos da voceira do Partido Popular di que se está a traballar na elaboración de distintas prazas, en cubrir vacantes sen dotación económica, e que urxen a creación da praza de auxiliar de Facenda, das prazas da brigada de Obras sen dotación no orzamento do 2021, das prazas da policía local e di que si se está a negociar coa mesa.

A Sra. Monteagudo di que efectivamente no orzamento do 2021 houbo que deixar algunha praza sen dotación orzamentaria mais o que a nova corporación se atopou o cadro de persoal estabilizado e un concello medianamente ordenando.

A señora alcaldesa sinala que cando entraron aceptaron trienios de traballadores que non se tiñan solucionados, pagaron sentenzas en fase executoria, e di que teñen un firme compromiso e respecto cos e



## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

coas traballadoras. Di que se queren que as cousas vaian ben, teñen que ter aos e ás traballadoras contentas posto que son os que sacan o traballo adiante, polo que hai que respectarlle os dereitos.

Rematadas ás intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal do BNG (4), do grupo municipal socialista (2) e do grupo mixto Muros Centrado (1), aproba por unanimidade a seguinte proposta:

PRIMEIRO. A modificación do cadro persoal do Concello de Muros do ano 2021, prorrogado e publicado no BOP núm. 124 do 5 de xullo de 2021 no referente a praza de axente de sostibilidade, encadrada como persoal laboral, que quedaría como segue:

Nº	Denominación do posto de Traballo	Réxime laboral	Salario Base	Nº trienios	Trienios	Pagas extras	Comple. Destino	Comple. Específico
29	Axente de Sostibilidade	Tempo 100%	17.381,82*	4	2.243,26*	3.270,84*	0,00	0,00

SEGUNDO. Publicar esta acordo no taboleiro de edictos da corporación e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña por un período quince días hábiles.

### **CUARTO. Aprobación do regulamento de premios de deportes para deportistas do Concello de Muros (Exp. núm.: 2023/Q001/000015)**

Proposta que se levou a comisión informativa é a seguinte:

*“Visto o informe proposta de Secretaría do 2 de febreiro de 2024 en relación ao expediente relativo á aprobación do regulamento dos premios do deporte do concello de Muros*

*En base a canto antecede, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, proponse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:*

*PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o texto do regulamento dos premios do deporte do concello de Muros cuxo contido literal é ou seguinte:*

#### **REGULAMENTO DOS PREMIOS DO DEPORTE DO CONCELLO DE MUROS**

##### **1. Obxecto do regulamento**

*Este regulamento ten como obxectivo a regulación dos premios e recoñecementos que fai o Concello de Muros, a través da Concellaría de Deportes na Gala do Deporte, a aquelas persoas que de forma individual ou colectiva, son consideradas como exemplares pola súa conduta, méritos deportivos, marcas ou resultados.*

##### **2. Premios que se outorgan**

*Poderán existir dous tipos de galardóns diferenciados: os denominados premios deportivos anuais, os recoñecementos aos méritos conseguidos e ademais poderán existir as mencións especiais:*

###### **2.1. Premios deportivos anuais nas seguintes categorías:**

- *Mellor deportista feminina do Concello de Muros (aínda que estea nun club de fóra do Concello)*
- *Mellor deportista masculino do Concello de Muros (aínda que estea nun club de fóra do Concello)*
- *Mellor club do Concello de Muros*
- *Promesa masculina máis destacada do Concello de Muros*
- *Promesa feminina máis destacada do Concello de Muros*



## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

- *Especial da “veciñanza” (será para o/a deportista con maior número de votos realizados a través da web municipal. A selección das candidaturas correrá por parte do Concello)*
- *Mellor evento deportivo municipal*

2.2. *Recoñecementos aos méritos conseguidos por deportistas locais, persoal membro das entidades deportivas locais ou persoal deportivo durante xa sexa polos seus logros no ano en curso ou pola súa traxectoria:*

- *Recoñecemento especial do Concello (criterio aberto)*

### 2.3. *Menciones especiais (máximo 3)*

### 3. *Requisitos para optar aos premios e recoñecementos*

*Para poder optar aos premios deportivos anuais os requisitos serán os seguintes:*

- *Deportistas individuais: ser nativo/a ou empadroad/a no Concello de Muros*
- *Entidades/clubs: ter como domicilio social o Concello de Muros*

*Para poder optar aos recoñecementos polos méritos conseguidos os requisitos serán:*

- *Pertencer a unha entidade deportiva local (xogadores, equipos, deportistas, técnicos, monitores, adestradores, delegados...) ou ser nativo/a ou empadroad/a no Concello de Muros.*

*Poderá haber mencións especiais para aquelas persoas ou entidades/clubs locais que estivesen vinculados co mundo do deporte no municipio, e nalgún club, ou que promocionen ou promocionasen o Concello de Muros por medio do deporte.*

### 4. *Candidaturas*

*O Concello de Muros, por acordo da alcaldía, poderá convocará anualmente estes galardóns para que todos aqueles que estean interesados presenten as súas candidaturas aos premios e as mencións. O Concello de Muros tamén poderá presentar ou propoñer aquelas candidaturas que considere oportunas polo seu valor deportivo.*

*As candidaturas presentaranse debidamente cumprimentadas coa exposición detallada dos méritos da proposta:*

- *No rexistro xeral do Concello de Muros (situado na Casa do Concello Curro da Praza, 1)*
- *Na sede electrónica do Concello de Muros (sede.muros.gal)*

*Recibidas as propostas, desde a Concellería de Deportes valoraranse as mesmas. Unha vez seleccionadas aquelas que cumpran con os requisitos establecidos, elevaranse ao xurado encargado do outorgamento dos galardóns.*

### 5. *Xurado e votación*

#### 5.1. *Xurado*

*O xurado será nomeado pola alcaldía e será o mesmo para todos os premios e nel estarán representados todos os clubs e entidades inscritas no rexistro oficial de entidades deportivas do concello.*

*Premios deportivos anuais:*





## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

- *Alcalde/sa do Concello de Muros*
- *Concelleiro/a de deportes do Concello de Muros*
- *Técnico/a do departamento de deportes do Concello de Muros*
- *Cada club e entidade deportiva mediante unha persoa representante que deberá comunicar con antelación e no seu debido prazo*

### *Recoñecemento especial do Concello:*

- *Alcalde/sa do Concello de Muros*
- *Concelleiro/a de deportes do Concello de Muros*
- *Dous técnicos/as do departamento de deportes do Concello de Muros*

### *Mencións especiais:*

- *Alcalde/sa do Concello de Muros*
- *Concelleiro/a de deportes do Concello de Muros*
- *Dous técnicos/as do departamento de deportes do Concello de Muros*

### *5.2. Votación:*

- *Cada membro do xurado terá dereito a 1 voto*

### *Premios deportivos anuais*

*Realizarase unha votación, na cal aquela proposta en cada modalidade que perciba maioría simple de votos, no caso de empate volverá realizarse a votación pero soamente entre aquelas candidaturas empatadas. No caso de presentarse unha única candidatura para calquera premio, realizarase unha votación que deberá recibir mais votos a favor que en contra. No caso de non presentarse candidatura ou de que a única presentada sexa rexeitada, declararase o premio deserto.*

### *Recoñecemento especial do Concello*

*O Concello de Muros proporá a persoas, entidades ou clubs que destaquen ou destacaran polos logros alcanzados, traxectoria ou labor deportiva, sendo un exemplo de boas prácticas a nivel municipal.*

### *Mencións especiais*

*Valoraranse todas as presentadas e realizarase unha votación de cada unha (sí ou non), e recoñeceranse as tres máis votadas. No caso de empate volverá realizarse a votación pero soamente entre aquelas candidaturas empatadas, e deberase votar só a favor dunha delas.*

*No caso de empate terá voto de calidade Alcalde/sa do Concello de Muros.*

## *6. Premios*

*O formato dos premios deportivos anuais será o seguinte: trofeo ou placa conmemorativa de cerámica artesanal.*

*SEGUNDO. Someter ou devandito texto a información pública e audiencia das persoas interesadas, con publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e tableiro de anuncios do Concello, polo prazo de*



## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

*trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. Simultaneamente, publicarase na sede electrónica do Concello de Muros: <https://sede.muros.gal>*

*TERCEIRO. De non presentarse reclamacións ou suxestións non mencionado prazo, considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno e o Acordo de aprobación definitiva tácita do Regulamento, co texto íntegro do mesmo, publicarase para ou seu xeral coñecemento non taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello: <https://www.muros.gal>*

A señora alcaldesa sinala que o Sr. Torea ten unha emenda á proposta polo que lle cede a palabra para que a explique.

O Sr. Torea explica que a emenda é debido a unha proposta do Sr. Lago de engadido no xurados dos premios do deporte, posto que dixo que prefería que houbo representación de todos os grupos políticos, e non só serían os da oposición, senón que tamén os grupos políticos do equipo de goberno, é dicir, un representante de cada grupo político.

### *“EMENDA DE ENGÁDEGA DO PSOE*

#### *5.1 Xurado*

##### *Premios deportivos anuais:*

*Engadir : Un membro de cada grupo político municipal*

##### *Recoñecemento especial do Concello*

*Engadir : Un membro de cada grupo político municipal*

##### *Mencións especiais*

*Engadir : Un membro de cada grupo político municipal*

O Sr. Lago sinala que tamén ten unha emenda.

A señora alcaldesa sinala que van facer unha pausa para debater como quedaría finalmente a emenda para engadir no regulamento (receso de 21.15 h a 21.55 h)

A señora alcaldesa dá paso á votación da emenda do Partido Socialista e o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal do BNG (4), do grupo municipal socialista (2) e do grupo mixto Muros Centrado (1), apróbana por unanimidade.

O Sr. Lago afirma que retira a súa emenda.

A señora alcaldesa dálle a palabra ao Sr. Torea para que explique a proposta cos cambios da emenda.

O Sr. Torea di que simplemente é para crear a Gala do Deporte do Concello que ten como obxectivo recoñecer e premiar aos deportistas locais. O grupo socialista e o grupo de goberno están de acordo en realizar esta gala, aínda que non está claro como se organizará.

A Sra. Monteagudo crítica a falta de consulta aos clubs deportivos antes de facer a proposta para a gala. Subliñan a importancia do diálogo e a necesidade de chegar a acordos antes de publicar documentos no taboleiro de anuncios. Di que hai incoherencias no documento e que a pesar delas a van apoiar.

O Sr. Lago destaca a falta de información proporcionada aos clubs, un problema que se repite. Menciona o artigo 133 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común, e que se debería garantir unha



## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

comunicación adecuada. Ademais, resalta a importancia de facer accesible a información ao público a través da páxina web e agradece que se corrixan estes erros.

A señora alcaldesa afirma que diversas entidades deportivas se puxeran en contacto para transmitirles que lles gustaría crear un evento especial, como unha gala do deporte. E sinala que o Pleno non ten que aprobar a gala, senón que ten que aprobar o regulamento dos premios. Afirma que no regulamento están representadas as entidades deportivas.

O Sr. Torea sinala que o guión da gala está sen facer, que só é o regulamentos dos premios.

A Sra. Monteagudo di que lles gustaría que nas mencións especiais se aclarase máis cales serían.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal do BNG (4) do grupo municipal socialista (2) e do grupo mixto Muros Centrado (1), aproba por unanimidade dos membros presentes os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o texto do regulamento dos premios do deporte do Concello de Muros cuxo contido literal é o seguinte:

### **REGULAMENTO DOS PREMIOS DO DEPORTE DO CONCELLO DE MUROS**

#### **1. Obxecto do regulamento**

Este regulamento ten como obxectivo a regulación dos premios e recoñecementos que fai o Concello de Muros, a través da Concellaría de Deportes na Gala do Deporte, a aquelas persoas que de forma individual ou colectiva, son consideradas como exemplares pola súa conduta, méritos deportivos, marcas ou resultados.

#### **2. Premios que se outorgan**

Poderán existir dous tipos de galardóns diferenciados: os denominados premios deportivos anuais, os recoñecementos aos méritos conseguidos e ademais poderán existir as mencións especiais:

##### 2.1. Premios deportivos anuais nas seguintes categorías:

- Mellor deportista feminina do Concello de Muros (aínda que estea nun club de fóra do Concello)
- Mellor deportista masculino do Concello de Muros (aínda que estea nun club de fóra do Concello)
- Mellor club do Concello de Muros
- Promesa masculina máis destacada do Concello de Muros
- Promesa feminina máis destacada do Concello de Muros
- Especial da “veciñanza” (será para o/a deportista con maior número de votos realizados a través da web municipal. A selección das candidaturas correrá por parte do Concello)
- Mellor evento deportivo municipal

2.2. Recoñecementos aos méritos conseguidos por deportistas locais, persoal membro das entidades deportivas locais ou persoal deportivo durante xa sexa polos seus logros no ano en curso ou pola súa traxectoria:

- Recoñecemento especial do Concello (criterio aberto)

##### 2.3. Menciones especiais (máximo 3)



## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

### 3. Requisitos para optar aos premios e recoñecementos

Para poder optar aos premios deportivos anuais os requisitos serán os seguintes:

- Deportistas individuais: ser nativo/a ou empadroadado/a no Concello de Muros
- Entidades/clubs: ter como domicilio social o Concello de Muros

Para poder optar aos recoñecementos polos méritos conseguidos os requisitos serán:

- Pertencer a unha entidade deportiva local (xogadores, equipos, deportistas, técnicos, monitores, adestradores, delegados...) ou ser nativo/a ou empadroadado/a no Concello de Muros.

Poderá haber mencións especiais para aquelas persoas ou entidades/clubs locais que estivesen vinculados co mundo do deporte no municipio, e nalgún club, ou que promocionen ou promocionasen o Concello de Muros por medio do deporte.

### 4. Candidaturas

O Concello de Muros, por acordo da alcaldía, convocará anualmente estes galardóns para que todos aqueles que estean interesados presenten as súas candidaturas aos premios e as mencións. O Concello de Muros tamén poderá presentar ou propoñer aquelas candidaturas que considere oportunas polo seu valor deportivo.

As candidaturas presentaranse debidamente cumprimentadas coa exposición detallada dos méritos da proposta:

- No rexistro xeral do Concello de Muros (situado na Casa do Concello Curro da Praza, 1)
- Na sede electrónica do Concello de Muros (sede.muros.gal)

Recibidas as propostas, desde a Concellería de Deportes valoraranse as mesmas. Unha vez seleccionadas aquelas que cumpran con os requisitos establecidos, elevaranse ao xurado encargado do outorgamento dos galardóns.

### 5. Xurado e votación

#### 5.1. Xurado

O xurado será nomeado pola alcaldía e será o mesmo para todos os premios e nel estarán representados todos os clubs e entidades inscritas no rexistro oficial de entidades deportivas do concello.

Premios deportivos anuais:

- Alcalde/sa do Concello de Muros
- Concelleiro/a de deportes do Concello de Muros
- Técnico/a do departamento de deportes do Concello de Muros
- Cada club e entidade deportiva mediante unha persoa representante que deberá comunicar con antelación e no seu debido prazo
- Un membro de cada grupo político municipal

Recoñecemento especial do Concello:

- Alcalde/sa do Concello de Muros



## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

- Concelleiro/a de deportes do Concello de Muros
- Dous técnicos/as do departamento de deportes do Concello de Muros
- Un membro de cada grupo político municipal

### Mencións especiais:

- Alcalde/sa do Concello de Muros
- Concelleiro/a de deportes do Concello de Muros
- Dous técnicos/as do departamento de deportes do Concello de Muros
- Un membro de cada grupo político municipal

### 5.2. Votación:

- Cada membro do xurado terá dereito a 1 voto

### Premios deportivos anuais

Realizarase unha votación, na cal aquela proposta en cada modalidade que perciba maioría simple de votos será a elixida, en caso de empate volverá realizarse a votación pero soamente entre aquelas candidaturas empatadas. No caso de presentarse unha única candidatura para calquera premio, realizarase unha votación que deberá recibir mais votos a favor que en contra. No caso de non presentarse candidatura ou de que a única presentada sexa rexeitada, declararase o premio deserto.

### Recoñecemento especial do Concello

O Concello de Muros proporá a persoas, entidades ou clubs que destaquen ou destacaran polos logros alcanzados, traxectoria ou labor deportiva, sendo un exemplo de boas prácticas a nivel municipal.

### Mencións especiais

Valoraranse todas as presentadas e realizarase unha votación de cada unha (si ou non), e recoñeceranse as tres máis votadas. No caso de empate volverá realizarse a votación pero soamente entre aquelas candidaturas empatadas, e deberase votar só a favor dunha delas.

No caso de empate en calquera das modalidades, terá voto de calidade Alcalde/sa do Concello de Muros.

## 6. Premios

O formato dos premios deportivos anuais será o seguinte: trofeo ou placa conmemorativa de cerámica artesanal.

SEGUNDO. Someter ou devandito texto a información pública e audiencia das persoas interesadas, con publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. Simultaneamente, publicarase na sede electrónica do Concello de Muros: <https://sede.muros.gal>

TERCEIRO. De non presentarse reclamacións ou suxestións non mencionado prazo, considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno e o Acordo de aprobación definitiva tácita do Regulamento, co texto íntegro do mesmo, publicarase para ou seu xeral coñecemento non taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello: <https://www.muros.gal>



**QUINTO. Aprobación do regulamento da agrupación de voluntarios protección civil de Muros (Exp. núm.: 2023/A006/000009)**

A señora alcaldesa cédelle a palabra á Sra. Maneiro para que explique a proposta:

*“Visto o informe proposta de Secretaría do 21 de febreiro de 2024 en relación ao expediente relativo á aprobación do Regulamento da Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Muros (A Coruña).*

*En base a canto antecede, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, proponse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:*

*PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o texto do regulamento da Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Muros ( A Coruña) cuxo contido literal é ou seguinte:*

*Regulamento da Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Muros ( A Coruña).*

*Preámbulo*

*En orde á realización de actividades diversas para a Protección Civil en situacións de emerxencia, os concellos e as alcaldías teñen competencias, segundo deriva dos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e dos artigos 80 e 81 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*

*A Constitución Española no seu artigo 30 determina que poderá crearse un servizo civil para o cumprimento de fins de interese xeral e que mediante lei regularanse os deberes dos cidadáns en casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública.*

*Resulta necesario que, sen prexuízo do establecido na lexislación regulamentadora do servizo civil e da protección civil, se recolla a incorporación dos cidadáns ás actividades que desenvolva a Protección Civil Municipal, ofrecéndolles así oportunidades para asumir voluntariamente o cumprimento dos deberes que a Constitución lles atribúe nas circunstancias aludidas anteriormente.*

*Por outra banda, a Lei 17/2015 de 9 de xullo do sistema nacional de protección civil , recolle a participación, responsabilidade e competencia das diferentes administracións públicas na Protección Civil, tendo un papel importante os concellos por ser a administración mais próxima aos cidadáns converténdose na célula básica da Protección Civil.*

*Abundando na normativa, temos que ter en conta o recollido no na Lei 5/2007 de 7 de maio de Emerxencias de Galicia, o Decreto 123/2014 de 18 de setembro polo que se regula a acreditación, uniformidade e os distintivos do persoal voluntario das agrupacións de voluntarios de protección civil, a imaxe corporativa destas agrupacións e os equipos de mobilidade necesarios para o desenvolvemento das funcións de protección civil e de emerxencias, a Orde do 24 de febreiro de 2015 que o desenvolve, e o Plan Territorial de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia (PLATERGA), aprobado como anexo do Decreto 56/2000 de 3 de marzo, onde se establece, entre outras, as directrices para a planificación de ámbito local así como os cometidos que poden desenvolver as agrupacións de voluntarios no estudo e desenvolvementos dos plans de emerxencia*

*Para articular as oportunidades de colaboración dos cidadáns, individualmente considerados, coa Protección Civil Municipal parece conveniente regular a organización e funcionamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Muros, que se vinculará ós servizos básicos de intervención e de emerxencias dependentes do concello para realizar as tarefas que procedan, sen prexuízo do que poidan establecerse nas leis sobre prestación persoal e de servizos con carácter obrigatorio.*

*En virtude do exposto aprobase o Regulamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Muros que se transcribe a continuación:*



## Capítulo I.- Finalidade da Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Muros

### Artigo 1º.- Definición

A Protección Civil Municipal ten por finalidade establecer unha organización baseándose nos recursos municipais, contando coa colaboración das entidades privadas e dos cidadáns, para garantir a coordinación preventiva e operativa respecto da protección das persoas e bens ante danos producidos pola situacións de emerxencia nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, sen esquecer todo tipo de emerxencias menores, mediante a realización de actividades que permitan evitar as mesmas, reducir os seus efectos, reparar os danos e, no seu caso, contribuír a corrixir as causas produtoras dos mesmos.

Unha das canles para a colaboración voluntaria dos veciños e das veciñas na Protección Civil Municipal levarase a cabo mediante a incorporación dos mesmos á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil á que se refire o presente Regulamento.

Poderán vincularse á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Muros as persoas físicas que, con carácter altruísta, se comprometan a colaborar directamente nas actividades dos servizos de Protección Civil dependentes do Concello.

### Artigo 2º.- Réxime de funcionamento

A organización e funcionamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil (en diante A.V.P.C) como modalidade de incorporación dos e das cidadás ás actividades de Protección Civil, rexerese polo establecido no presente Regulamento así como polas instrucións e directrices que, para os efectos de coordinación xeral e participación no desenvolvemento ou execución dos plans, programas ou actividades no sistema autonómico de Protección Civil, sexan ditadas polo órgano da Comunidade Autónoma competente nesta materia e demais Administracións Públicas con competencias na materia.

### Artigo 3º.- Principios que rexerán o funcionamento da Agrupación.

O funcionamento da A.V.P.C. deberá responder ós seguintes principios:

- a) Responder a principios democráticos e participativos na composición dos seus órganos e no seu funcionamento.
- b) Proporcionar ás persoas voluntarias a formación específica e a orientación necesaria para o exercicio das súas actividades.
- c) Garantir aos/ás voluntarios/as ás debidas condicións de seguridade e saúde no desenvolvemento da súa actividade, así como o establecido nas correspondentes medidas de prevención de riscos.
- d) Certificar a actividade das persoas voluntarias con constancia dos seus datos persoais identificativos e a duración e natureza da actividade desenvolvida.
- e) Informar ás persoas voluntarias sobre os fins e réxime de funcionamento da A.V.P.C.
- f) Facilitar a participación do/a voluntario/a na celebración, deseño, execución e avaliación dos programas nos que interveñen.

## Capítulo II.- Composición da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Muros

### Artigo 4º.- Tipos de voluntarios/as

Poderán incorporarse á A.V.P.C. como voluntarios operativos todos/as os/as veciños/as maiores de 18 anos que cumpran os requisitos de acceso, sen que en ningún caso poida facerse discriminación algunha por razóns de sexo, política, ideolóxica, relixiosa ou de calquera outra circunstancia persoal ou social.



## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

*Adquiren a condición de voluntarios/as operativos da A.V.P.C. a alcaldía, como xefe local de Protección Civil, dende a súa elección e o/a concelleiro/a delegado/a de Seguridade Cidadán e Protección Civil, dende que se dite a correspondente resolución de delegación pola alcaldía, sen necesidade de cumprir ningún outro requisito de acceso, e o vínculo coa A.V.P.C. concluirá co mandato ou delegación, salvo que presenten o correspondente solicitude como voluntario/a operativo/a.*

*Así mesmo, as persoas maiores de 16 anos e menores de 18, sempre que conste a autorización de quen exerza a patria potestade ou tutela, poderán formar parte da Agrupación como voluntarios/as de apoio. Os/as voluntarios/as de apoio quedarán excluídos do nivel operativo.*

*Terán a condición de voluntarios/as honoríficos/as, todas aquelas persoas que, durante o transcurso da súa vida, realizaron actuacións heroicas e/ou actos salientables en materia de Protección Civil no seo da A.V.P.C.*

*Os/as veciños/as con formación e experiencia suficiente no exercicio profesional ou con vocación relacionada coa Protección Civil pero que non poidan ser voluntarios/as operativos poderán estar unidos á A.V.P.C., mediante a figura de colaborador/a en misións de orientación, asesoramento, asistencia técnica ou axuda económica.*

*A figura de colaborador/a pódese facer extensiva á aquelas entidades que desexen colaborar coa A.V.P.C.*

### *Artigo 5º.- Vinculación co Concello*

*A vinculación dos/das voluntarios/as co Concello non ten carácter de relación laboral, funcionarial, administrativa ou mercantil, senón tan só de colaboración voluntaria para a prestación de servizos de xeito altruísta, como medio de realización de accións humanitarias de solidariedade social e boa veciñanza.*

### *Artigo 6º.- Solicitude e requisitos de acceso*

*A incorporación á A.V.P.C. farase sempre en virtude de solicitude do/da interesado/a, acompañada do DNI, na que fará constar o compromiso de coñecer e aceptar o contido deste Regulamento e demais normativa vixente sobre Protección Civil, así como de executar as tarefas que se lle encomenden polas autoridades competentes. O/a interesado/a na súa solicitude de acceso declarará non estar inhabilitado/a para a función pública por sentenza firme.*

*Formalizada a solicitude, procederase a inscrición do/a solicitante no Libro Rexistro de Voluntarios/as de Protección Civil e faráselle un carne provisional co fin de que dispoña dunha acreditación identificativa da súa condición de voluntario/a de Protección Civil en tanto non realice o curso de formación nivel básico impartido pola Xunta de Galicia, que será obrigatorio para poder participar nos operativos.*

### *Artigo 7º.- Facultades e funcións dos voluntarios/as*

*A condición de membro da A.V.P.C. faculta unicamente para realizar as actividades correspondentes á A.V.P.C., especialmente en situacións de emerxencia nos casos de grave risco, catástrofe, ou calamidade pública e nos operativos organizados e coordinados pola Agrupación.*

*Os/as voluntarios/as non poderán realizar actividades de carácter persoal, amparándose na pertenza á Agrupación.*

*As funcións de voluntariado son, entre outras, as de promoción da prevención e autoprotección cidadá, así como a colaboración, auxilio e apoio dos servizos públicos de Protección Civil e , en todo caso, serán as indicadas no Plan de Emerxencia Municipal (en diante PEMU) e demais de Protección Civil do sistema autonómico, aprobados pola Comunidade Autónoma de Galicia.*

### *Artigo 8º.- Estrutura e funcionamento*





## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

*A A.V.P.C. estrutúrase orgánica e funcionalmente, en seccións, de acordo ás necesidades existentes no Concello e, en todo caso, disporá das seccións correspondentes en consonancia coa tipoloxía de riscos definidos no PEMU e ,se é o caso, no PLATERGA.*

*Unha vez constituída a A.V.P.C. fixará o seu domicilio social dentro do Concello de Muros, ámbito territorial no que vai realizar principalmente as súas actividades.*

*Tódalas actuacións que realice a A.V.P.C. en materia de Protección Civil no ámbito local serán sempre autorizadas e coordinadas ou se é o caso, dirixidas pola autoridade local competente.*

### *Artigo 9º.- Seguro de accidentes e responsabilidade civil*

*O tratarse dunha Agrupación creada no seo do Concello, este contratará un seguro de accidentes así como de responsabilidade civil por danos a terceiros, que ampare ós membros da Agrupación fronte ós riscos a que estean sometidos no exercicio das súas funcións.*

### *Artigo 10º.- Uniformidade*

*Todos os compoñentes da A.V.P.C. no desenvolvemento das súas funcións vestirán coa uniformidade e distintivos establecidos, de acordo coa normativa vixente.*

## *Capítulo III.- Organización da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Muros*

### *Artigo 11º.- Organización*

*Son órganos necesarios da A.V.P.C. o/a Presidente/a, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.*

### *Artigo 12º.- Xunta Directiva*

*A A.V.P.C. será xestionada e representada pola Xunta Directiva formada por:*

- Un/unha presidente/a*
- Un/unha secretario/a*
- Un/unha tesoureiro/a*
- Un/unha vogal*

*Todos os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán designados e revocados pola Asemblea Xeral e o seu mandato terá unha duración de 4 anos.*

*Os membros da Xunta Directiva causarán baixa por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á esta, por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas e/ou por expiración do mandato.*

*As baixas producidas na Xunta Directiva durante o mandato poderán se substituídas por acordo maioritario da Asemblea Xeral.*

*Os membros da Xunta Directiva que tiveran esgotado o prazo para o que foron elixidos continuarán ostentando os seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación dos/as que os substitúan.*

*A Xunta Directiva reunirse cantas veces o determine o/a presidente/a, ou a iniciativa ou petición de polo menos 1/3 dos seus membros.*

*Quedarán constituída cando asista a metade mais un dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados pola maioría simple dos membros presentes.*



## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

*No caso de empate, o voto de calidade do/da presidente/a decidirá a cuestión.*

### *Artigo 13º.- O/A Presidente/a*

*O/a presidente/a da A.V.P.C. será elixido/a democraticamente pola Asemblea Xeral entre os membros que teñan a condición de voluntario/a de pleno dereito, de acordo ó establecido na lexislación vixente.*

*A duración do mandato será de tres anos podendo ser reelixido para novos mandatos.*

*O/a presidente/a asume a representación legal da A.V.P.C. e será un dos interlocutores ante o órgano competente en materia de Protección Civil da Xunta de Galicia e, no seu caso, antes outras institucións e organismos os efectos administrativos e operativos.*

*Asemade, o/a presidente/a terá as seguintes atribucións:*

- a) Convocar, presidir e levantar as reunións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixir as deliberacións de unha e outra e decidir os empates con voto de calidade.*
- b) Ordenar pagos e autorizar coa súa sinatura os documentos, actas e correspondencia.*
- c) Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Agrupación aconselle no desenvolvemento da súas actividades e resulta precisa ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.*
- d) Representar legalmente á Agrupación ante toda clase de organismos públicos ou privados.*
- e) Executar os acordos adoptados pola Xunta Directiva e Asemblea Xeral.*
- f) Autorizar ós/ás voluntarios/as a asistencia os cursos, convocados pola A.V.P.C. ou por outros organismos.*
- g) Propoñer ó Concello a adquisición de material para a A.V.P.C. e a solicitude das correspondentes subvencións ante entidades públicas e privadas.*
- h) Formalizar os convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.*
- i) Incoar e resolver os expedientes sancionadores por incumprimentos previstos neste Regulamento.*
- j) Velar polo cumprimento do presente Regulamento.*

### *Artigo 14º.- A Xunta Directiva*

*As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral, a todos os actos propios das finalidades da Agrupación, sempre que non requiran, segundo este Regulamento, autorización expresa da Asemblea Xeral.*

*Mais concretamente, a Xunta Directiva ten as seguintes atribucións:*

- a) Dirixir as actividades da A.V.P.C. e levar a xestión económica e administrativa da Agrupación, acordando realizar os oportunos contratos e actos.*
- b) Executar os acordos da Asemblea Xeral.*
- c) Formular e someter a aprobación da Asemblea Xeral os balances e contas anuais.*
- d) Resolver sobre a admisión de novos membros*



## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

- e) Nomear delegados ou delegadas para algunha determinada actividade da Agrupación.
- f) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral.

### Artigo 15º.- Funcionamento da Xunta Directiva

A Xunta Directiva celebrará como mínimo dúas sesións ó ano, e cantas veces sexa convocada polo/a presidente/a, a iniciativa propia ou a solicitude da terceira parte dos seus membros.

Será presidida polo/a presidente/a e para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría simple dos seus membros.

De cada sesión levantarase acta que será transcrita ó Libro de Actas

As vacantes que se puideran producir durante o mandado de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisionalmente entre os citados membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral.

Para a elección de membros da Xunta Directiva formarase unha xunta electoral que será a que regule e presida o procedemento de elección e estará composta por 5 voluntarios/as da A.V.P.C. que serán os seguintes:

- O/a voluntario/a mais antigo/a que actuará como presidente/a
- A/a voluntario/a mais recente.
- O/a voluntario/a de maior idade.
- O/a voluntario/a de menor idade.
- Un/ha voluntario/a elixido polos anteriores que actuará como secretario/a.

### Artigo 16º.- O/a secretario/a da Xunta Directiva

O/a secretario/a da Xunta Directiva forma parte da mesma con voz e voto e terá as seguintes funcións:

- a) Preparar os asuntos que deban ser incluídos na orde do día das sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral e coidar de que sexan debidamente notificados a todos os membros
- b) Levantar acta das sesións da Xunta Directiva e Asemblea Xeral, transcribir as actas no Libro de Actas e expedir certificacións.
- c) Dar cumprimento ós acordos adoptados efectuando as correspondentes notificacións.
- d) Recibir e tramitar as solicitudes de ingreso na A.V.P.C. así como levar e custodiar o libro rexistro de voluntarios/as.
- e) Dirección dos traballos puramente administrativos da Agrupación.
- f) Presentación de contas anuais e o cumprimento das obrigas documentais nos termos que legalmente correspondan.

### Artigo 17º.- O/A tesoureiro/a da Xunta Directiva

O/a tesoureiro/a recadará e custodiará os fondos pertencentes a Agrupación e dará cumprimento ás ordes de pago que expida o/a presidente/a.

### Artigo 18º.- Os/as vogais da Xunta Directiva



## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

*Os/as vocais terán as obrigas propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva, así como as que se xeren das delegacións ou comisións de traballo que a propia Xunta lles encomende.*

### *Artigo 19º.- A Asemblea Xeral*

*A Asemblea Xeral está formada pola totalidade de voluntarios/as e é o órgano supremo de goberno da Agrupación. A Asemblea Xeral, terá as seguintes atribucións:*

- *Aprobar, no seu caso, a xestión da Xunta Directiva.*
- *Examinar e aprobar as contas anuais.*
- *Aprobar ou rexeitar as propostas da Xunta Directiva en orde as actividades da Agrupación.*
- *Calquera outra que lle encomende a Asemblea.*
- *Nomeamento dos membros da Xunta Directiva.*
- *Modificación dos estatutos.*
- *Disolución da Agrupación.*
- *Expulsión de voluntarios/as a proposta da Xunta Directiva.*
- *Constitución de Federacións ou integración nelas.*
- *A aprobación da proposta de creación de seccións, equipos de intervención, grupo, etc, ós que fai referencia o presente Regulamento.*

### *Artigo 20º.- Reunións da Asemblea Xeral*

*As reunións da Asemblea Xeral serán de carácter ordinario e extraordinario.*

*A Asemblea celebrará sesión ordinaria unha vez ao ano, dentro dos tres meses seguintes ao peche do exercicio.*

*A Asemblea celebrará sesión extraordinaria cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo do presidente ou presidenta, cando a Xunta directiva o acorde ou cando o propoñan por escrito, ao menos unha décima parte do persoal voluntario da Agrupación.*

*As convocatorias faranse por escrito, expresando o lugar e data e hora así como a orde do día e deberán ser notificados cunha antelación mínima de 15 días hábiles a súa celebración.*

*A convocatoria acompañarase do borrador da acta da última sesión para a súa aprobación.*

*Na propia convocatoria, farase constar a data en que se reunirá a Asemblea Xeral en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra reunión poida mediar un prazo inferior a media hora.*

*A Asemblea Xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorra 1/3 dos voluntarios/as operativos inscritos no Libro Rexistro de Voluntarios e, en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de voluntarios/as operativos/as asistente.*

*Os acordos adoptaranse por maioría simple dos presentes, como regra xeral.*

*Os acordos adoptaranse por maioría absoluta nos seguintes supostos:*

- *Nomeamento da Xunta Directiva*



## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

### - *Disolución da Agrupación.*

*O/a secretario/a da Xunta Directiva serao tamén da Asemblea e deberá levantar acta das sesións ou, no seu defecto, o/a responsable da Agrupación, e transcribíranse ó Libro rexistro de Actas á que se refire o artigo 16 do presente Regulamento.*

### *Capítulo IV.- Formación e perfeccionamento*

#### *Artigo 21º.- Formación dos voluntarios/as*

*A formación dos membros voluntarios/as, baseada en coñecementos e habilidades relacionadas coas características propias deste servizo, ten como finalidade facilitar a incorporación destas persoas en condicións de garantía e eficacia, así como contribuír á selección dos/as aspirantes. A actividade formativa e de perfeccionamento do persoal voluntario, será a regulada pola Academia Galega de Seguridade sen menoscabo da impartida por outras institucións oficiais ou entidades homologadas.*

### *Capítulo V.- Dereitos e deberes*

#### *Artigo 22º.- Dereitos dos/as voluntarios/as*

*Son dereitos do persoal voluntario de Protección Civil no exercicio da súa labor de colaboración os seguintes:*

- a) Recibir a información, formación, orientación, apoio e, se é o caso, medios materiais necesarios para o exercicio das funcións que se lles asignen.*
- b) Dispoñer dunha acreditación identificativa da súa condición de voluntario/a de Protección Civil.*
- c) Empregar a vestimenta homologada polo organismo competente en materia de Protección Civil da Xunta de Galicia.*
- d) Realizar a súa actividade nas debidas condicións de seguridade en función da natureza e características daquela.*
- e) Participar na elección do/a presidente/a da A.V.P.C. de entre os seus membros e demais cargos previstos no presente Regulamento e poder ser elixibles.*
- f) Ser tratados/as sen discriminación respectando a súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas.*
- g) Non ser asignados/as á execución de tarefas alleas ós fins e natureza da entidade.*
- h) Obter o respecto e recoñecemento polo valor social da súa contribución*
- i) Obter a certificación respecto da actividade desenvolta, con constancia dos seus datos persoais, duración e natureza da actividade.*
- j) Ser reembolsados dos gastos que lles poida ocasionar a actividade de voluntariado*
- k) Estar asegurados/as polos riscos que poidan derivar do exercicio da actividade de voluntariado.*
- l) Tomar parte en cantas actividades organice a Agrupación en cumprimento dos seus fins e de acordo a súas capacidades.*
- m) Desfrutar de todas as vantaxes e beneficios que a Agrupación poida obter.*
- n) Facer suxestións aos membros da Xunta Directiva para mellor cumprimento dos fins da Agrupación.*

#### *Artigo 23º.- Deberes dos/as voluntarios/as*



## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

*Son deberes do persoal voluntario de Protección Civil no exercicio da súa labor de colaboración os seguintes:*

- a) *Gardar, cando proceda, confidencialidade da información recibida e coñecida durante o desenvolvemento da súa actividade como voluntario/a de Protección Civil, mantendo segredo análogo ó profesional.*
- b) *Rexeitar calquera tipo de contraprestación económica que puidese recibir dos cidadáns afectados directa ou indirectamente polas actividades desenvolvidas.*
- c) *Actuar de forma dilixente e solidaria, cumprindo coas indicacións e normas ditadas polos seus mandos naturais e as autoridades de Protección Civil.*
- d) *Participar nas tarefas formativas previstas pola autoridade competente de Protección Civil ou pola A.V.P.C., así como nas que con carácter permanente se precisen para manter a calidade das prestacións.*
- e) *Empregar axeitadamente a vestimenta de Protección Civil cos seus distintivos.*
- f) *Coidar e utilizar de xeito adecuado os recursos e medios materiais que poña a súa disposición a A.V.P.C. ou, de ser o caso, as autoridades de Protección Civil.*
- g) *No suposto de causar baixa na A.V.P.C. por calquera circunstancia, entregará a tarxeta de identidade e o uniforme ó/a responsable da Agrupación así como o material que lle fora asignado.*
- h) *Cumprir os compromisos acordados coa Agrupación.*

### *Capítulo VI.- Recompensas e sancións.*

#### *Artigo 24º.- Recompensas*

*As condutas dos/as compoñentes da A.V.P.C. serán obxecto de valoración polos procedementos que se establezan nas correspondentes instrucións de desenvolvemento deste Regulamento.*

*Distinguiranse, como proceda, as condutas meritorias e sancionaranse as infraccións, de conformidade do establecido neste Regulamento.*

*As recompensas e sancións anotaranse no expediente persoal do interesado/a.*

*As accións meritorias que impliquen un nivel de dedicación superior ás actividades ordinarias do servizo ou riscos para a vida e a integridade dos voluntarios/as, poderán ser recompensadas co recoñecemento público mediante o correspondente escrito da Alcaldía ou a formulación pola mesma de proposta para a concesión das medallas ó mérito, ás placas e diplomas de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia ou outras distincións que poidan conceder as distintas Administracións Públicas ou o Concello, no seu caso, para premiar actos de natureza especial.*

#### *Artigo 25º.- Infraccións e sancións*

*As infraccións ó disposto neste Regulamento sancionaranse, previa tramitación do correspondente expediente, unha vez escoitado ó/a interesado/a que poderá, en todo momento, facer as alegacións oportunas.*

*As faltas consideraranse leves, graves ou moi graves.*

*I. Estimaranse como faltas leves e serán sancionadas con apercibimento ou suspensión inferior a un mes, atendendo ás circunstancias que concorran, as seguintes:*

- a) *O descoido na conservación e mantemento do equipo e material que tivera o seu cargo no cumprimento das misións encomendadas.*



## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

- b) *A desobediencia ós responsables da A.V.P.C. sempre que non afecte ó servizo que deba cumprirse.*
- c) *As demais infraccións ou omisións, con carácter leve, ó presente Regulamento.*

*II. Estimaranse como faltas graves e serán sancionadas con suspensión de un a seis meses, atendendo as circunstancias que concorran, as seguintes:*

- a) *Negarse ó cumprimento das misións que lle sexan encomendadas sen causa xustificada,*
- b) *A utilización, fora dos actos propios do servizo, do equipo, material e distintivos de Protección Civil.*
- c) *O deterioro ou perda, por negligencia, do equipo, material, bens ou documentos do servizo o seu cargo e custodia.*
- d) *As omisións ou infraccións graves ó preceptuado neste Regulamento*
- e) *A acumulación de tres faltas leves*

*III. Estimaranse como faltas moi graves e serán sancionadas coa expulsión as seguintes:*

- a) *Deixar de cumprir, sen causa xustificada, as esixencias do servizo.*
- b) *Observar mala conduta ou sen sancionado reiteradamente por tres faltas graves.*
- c) *Ser condenado/a por calquera acto delituoso, a excepción das condenas derivadas de accidentes de circulación non producido por inxestión alcohólica ou de calquera sustancia psicotrópica.*
- d) *Utilizar ou exhibir indebidamente, o uniforme e/ou as identificacións do servizo.*
- e) *A agresión de palabra ou obra, a calquera membro da Agrupación e a desobediencia que afecte á misión que deba cumprirse.*
- f) *Negarse a cumprir as sancións de suspensión que lle foran impostas.*

*As faltas leves prescribirán ó mes.*

*As faltas graves prescribirán ó ano.*

*As faltas moi graves prescribirán ós tres anos.*

*Artigo 26º.- Principios xerais do procedemento sancionador.*

*Os principios xerais do procedemento sancionador serán os seguintes:*

- *Para a imposición de sancións por faltas leves non serán preceptiva a previa instrución de expediente, salvo trámite de audiencia*
- *Para a imposición de sancións por faltas graves e moi graves, será preceptiva a previa instrución de expediente.*

*Capítulo VII.- Rescisión do vínculo coa A.V.P.C.*

*Artigo 27º.- Rescisión do vínculo*

*A relación de colaboración voluntaria coa A.V.P.C. rematará:*

- a) *A petición do interesado/a.*



## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

- b) *Por defunción.*
- c) *Por declaración de incapacidade*
- d) *Por solicitude de baixa temporal ou definitivamente.*
- e) *Perda dalgunha das condicións esixidas para poder ser voluntario/a.*
- f) *Quedar incurso/a en situación de inhabilitación para o exercicio de cargos públicos por sentenza firme.*

### *Artigo 28º.- Baixa temporal*

*Considerarase baixa temporal na A.V.P.C. a suspensión da actividade na mesma como consecuencia de sanción ou ausencia inferior a tres meses que teña motivos xustificadas que sexan comunicados oportunamente e a ausencia por traslado temporal de domicilio.*

### *Artigo 29º.- Baixa definitiva*

*Serán causa de baixa definitiva na A.V.P.C.:*

- a) *A petición do interesado/a.*
- b) *Incomparecencia do voluntario/a por tempo superior a tres meses, sen causa xustificada, na actividade ordinaria ou especial que lle corresponda.*
- c) *Incumprimento duns servizos mínimos esixidos de 4 operativos anuais.*
- d) *Como consecuencia da comisión de falta considerada como moi grave, de acordo co recollido no presente Regulamento.*

*Acordada a baixa seralle notificada ó/á interesado/a garantíndolle o dereito de audiencia e, unha vez sexa efectiva, o voluntario/a procederá a inmediata entrega da documentación de identidade, distintivo, uniforme, equipo e material que lle fose adxudicado pola Agrupación*

### *Artigo 30º.- Certificación de servizos*

*En todo caso expedirase, a petición do interesado/a, un certificado no que consten os servizos prestados na Agrupación, e a causa pola que se acordou a baixa.*

### *Capítulo VIII.- Disolución da A.V.P.C.*

#### *Artigo 31º.- Disolución*

*A A.V.P.C. disolverase voluntariamente cando así o acorden na Asemblea Xeral extraordinaria convocada ao efecto por unha maioría de 2/3 dos voluntarios/as.*

*No caso de disolución nomearase unha comisión liquidadora, quen, unha vez extinguidas as débedas e, de existir sobranse líquido, destinará o mesmo a fins sociais sen animo de lucro.*

### *Capítulo IX.- Dotacións orzamentarias*

#### *Artigo 32º.- Dotacións orzamentarias*

*As dotacións orzamentarias que permitan o funcionamento da Agrupación virán fundamentalmente dos orzamentos municipais así como de convenios subscritos con outras administracións, de subvencións públicas, legados ou herdanzas que se recibirán de forma legal e calquera outro recurso lícito.*





## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

*Tamén poderán recibirse axudas mediante convenios establecidos con entidades colaboradoras de protección civil, podendo ter esas entidades colaboradoras a consideración de agrupacións, asociacións, empresas públicas ou privadas.*

### *Disposición derogatoria*

*Este Regulamento derroga expresamente o Regulamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Muros aprobado polo pleno deste concello o día 25 de xaneiro de 1996, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.*

### *Disposición adicional*

*En todo canto non estea previsto neste Regulamento aplicarase o vixente Decreto 56/2000 do 3 de marzo polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actual de voluntarios, agrupación de voluntarios, e entidades colaboradoras en materia de Protección Civil de Galicia, modificado polo Decreto 109/2004 de 27 de maio, a Lei 5/2007 de 7 de maio de emerxencias de Galicia, o Decreto 123/2014 do 18 de setembro, o Decreto 101/2016 de 21 de xullo e supletoriamente a Lei 17/2015 de 9 de xullo do Sistema Nacional de Protección Civil.*

*Tamén os artigos 80, 81 e 92 da Lei 5/1997 do 22 de xullo da Administración Local de Galicia, Lei 10/2011 do 28 de novembro da Acción Voluntaria, e demais normativa que resulte de aplicación.*

### *Disposicións finais*

*1º Pola Alcaldía ou concelleiro/a delegado/a de Protección Civil, ditaranse as instrucións e directrices que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste Regulamento en todo o relacionado cos plans e programas de Protección Civil Municipal.*

*2º Este Regulamento entrará en vigor unha vez que sexa aprobado definitivamente e publicado integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade do establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local e transcorra o prazo de 15 días hábiles previsto no artigo 65.2 do mesmo texto legal, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.*

*SEGUNDO. Someter ou devandito texto a información pública e audiencia das persoas interesadas, con publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. Simultaneamente, publicarase na sede electrónica do Concello de Muros: <https://sede.muros.gal>*

*TERCEIRO. De non presentarse reclamacións ou suxestións non mencionado prazo, considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno e o Acordo de aprobación definitiva tácita do Regulamento, co texto íntegro do mesmo, publicarase para ou seu xeral coñecemento non taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello: <https://www.muros.gal>*

*CUARTO. Unha vez aprobado definitivamente este regulamento, notifícalo a Dirección Xeral de Emerxencias da Xunta de Galicia.”*

A Sra. Monteagudo pregunta por que foi a Sra. Martínez quen explicou a proposta cando estaba presente a concelleira da área na comisión informativa como ben pon no ditame da comisión informativa. E sinala que non entende por que se traen a pleno os estatutos.

A Sra. Maneiro di que a agrupación prefere que sexan aprobados polo pleno.

O Sr. Lago di que na convocatoria pon *Estatutos* e na proposta de Alcaldía pon *Regulamento* e son algo totalmente diferente. Di que non ve unha vinculación directa no documento co concello, pois non se nomea en ningún momento á Alcaldía.



## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

A señora alcaldesa di que o de estatutos foi un erro ao facer a convocatoria.

A Sra. Maneiro di que a vinculación da agrupación non é laboral, senón de voluntariado e colaboración, e o Concello paga un seguro para telos cubertos.

A Sra. Monteagudo sinala que é unha agrupación de voluntarios e que non tiñan nin seguro nin local e que se conseguiu durante o seu mandato, e repite que isto é o seu regulamento interno que teñen que aprobar eles na asemblea e non se ten que aprobar no pleno.

O Sr. Lago afirma que este non é un regulamento.

Rematadas ás intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal do BNG (4), do grupo municipal socialista (2); e co voto en contra do grupo mixto Muros Centrado (1), aproba por maioría absoluta os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o texto do regulamento da Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Muros (A Coruña) cuxo contido literal é ou seguinte:

### **REGULAMENTO DA AGRUPACIÓN MUNICIPAL DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE MUROS (A CORUÑA)**

#### Preámbulo

En orde á realización de actividades diversas para a Protección Civil en situacións de emerxencia, os concellos e as alcaldías teñen competencias, segundo deriva dos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e dos artigos 80 e 81 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

A Constitución Española no seu artigo 30 determina que poderá crearse un servizo civil para o cumprimento de fins de interese xeral e que mediante lei regularanse os deberes dos cidadáns en casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública.

Resulta necesario que, sen prexuízo do establecido na lexislación regulamentadora do servizo civil e da protección civil, se recolla a incorporación dos cidadáns ás actividades que desenvolva a Protección Civil Municipal, ofrecéndolles así oportunidades para asumir voluntariamente o cumprimento dos deberes que a Constitución lles atribúe nas circunstancias aludidas anteriormente.

Por outra banda, a Lei 17/2015 de 9 de xullo do sistema nacional de protección civil, recolle a participación, responsabilidade e competencia das diferentes administracións públicas na Protección Civil, tendo un papel importante os concellos por ser a administración mais próxima aos cidadáns converténdose na célula básica da Protección Civil.

Abundando na normativa, temos que ter en conta o recollido no na Lei 5/2007 de 7 de maio de Emerxencias de Galicia, o Decreto 123/2014 de 18 de setembro polo que se regula a acreditación, uniformidade e os distintivos do persoal voluntario das agrupacións de voluntarios de protección civil, a imaxe corporativa destas agrupacións e os equipos de mobilidade necesarios para o desenvolvemento das funcións de protección civil e de emerxencias, a Orde do 24 de febreiro de 2015 que o desenvolve, e o Plan Territorial de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia (PLATERGA), aprobado como anexo do Decreto 56/2000 de 3 de marzo, onde se establece, entre outras, as directrices para a planificación de ámbito local así como os cometidos que poden desenvolver as agrupacións de voluntarios no estudo e desenvolvementos dos plans de emerxencia

Para articular as oportunidades de colaboración dos cidadáns, individualmente considerados, coa Protección Civil Municipal parece conveniente regular a organización e funcionamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Muros, que se vinculará ós servizos básicos de intervención e de emerxencias dependentes do concello para realizar as tarefas que procedan, sen prexuízo do que poidan establecerse nas leis sobre prestación persoal e de servizos con carácter obrigatorio.



## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

En virtude do exposto aprobase o Regulamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Muros que se transcribe a continuación:

### Capítulo I.- Finalidade da Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Muros

#### Artigo 1º.- Definición

A Protección Civil Municipal ten por finalidade establecer unha organización baseándose nos recursos municipais, contando coa colaboración das entidades privadas e dos cidadáns, para garantir a coordinación preventiva e operativa respecto da protección das persoas e bens ante danos producidos pola situacións de emerxencia nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, sen esquecer todo tipo de emerxencias menores, mediante a realización de actividades que permitan evitar as mesmas, reducir os seus efectos, reparar os danos e, no seu caso, contribuír a corrixir as causas produtoras dos mesmos.

Unha das canles para a colaboración voluntaria dos veciños e das veciñas na Protección Civil Municipal levarase a cabo mediante a incorporación dos mesmos á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil á que se refire o presente Regulamento.

Poderán vincularse á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Muros as persoas físicas que, con carácter altruísta, se comprometan a colaborar directamente nas actividades dos servizos de Protección Civil dependentes do Concello.

#### Artigo 2º.- Réxime de funcionamento

A organización e funcionamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil (en diante A.V.P.C) como modalidade de incorporación dos e das cidadás ás actividades de Protección Civil, rexeráse polo establecido no presente Regulamento así como polas instrucións e directrices que, para os efectos de coordinación xeral e participación no desenvolvemento ou execución dos plans, programas ou actividades no sistema autonómico de Protección Civil, sexan ditadas polo órgano da Comunidade Autónoma competente nesta materia e demais Administracións Públicas con competencias na materia.

#### Artigo 3º.- Principios que rexerán o funcionamento da Agrupación.

O funcionamento da A.V.P.C. deberá responder ós seguintes principios:

- a) Responder a principios democráticos e participativos na composición dos seus órganos e no seu funcionamento.
- b) Proporcionar ás persoas voluntarias a formación específica e a orientación necesaria para o exercicio das súas actividades.
- c) Garantir aos/ás voluntarios/as ás debidas condicións de seguridade e saúde no desenvolvemento da súa actividade, así como o establecido nas correspondentes medidas de prevención de riscos.
- d) Certificar a actividade das persoas voluntarias con constancia dos seus datos persoais identificativos e a duración e natureza da actividade desenvolvida.
- e) Informar ás persoas voluntarias sobre os fins e réxime de funcionamento da A.V.P.C.
- f) Facilitar a participación do/a voluntario/a na celebración, deseño, execución e avaliación dos programas nos que interveñen.

### Capítulo II.- Composición da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Muros

#### Artigo 4º.- Tipos de voluntarios/as



## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

Poderán incorporarse á A.V.P.C. como voluntarios operativos todos/as os/as veciños/as maiores de 18 anos que cumpran os requisitos de acceso, sen que en ningún caso poida facerse discriminación algunha por razóns de sexo, política, ideolóxica, relixiosa ou de calquera outra circunstancia persoal ou social.

Adquiren a condición de voluntarios/as operativos da A.V.P.C. a alcaldía, como xefe local de Protección Civil, dende a súa elección e o/a concelleiro/a delegado/a de Seguridade Cidadán e Protección Civil, dende que se dite a correspondente resolución de delegación pola alcaldía, sen necesidade de cumprir ningún outro requisito de acceso, e o vínculo coa A.V.P.C. concluirá co mandato ou delegación, salvo que presenten o correspondente solicitude como voluntario/a operativo/a.

Así mesmo, as persoas maiores de 16 anos e menores de 18, sempre que conste a autorización de quen exerza a patria potestade ou tutela, poderán formar parte da Agrupación como voluntarios/as de apoio. Os/as voluntarios/as de apoio quedarán excluídos do nivel operativo.

Terán a condición de voluntarios/as honoríficos/as, todas aquelas persoas que, durante o transcurso da súa vida, realizaron actuacións heroicas e/ou actos salientables en materia de Protección Civil no seo da A.V.P.C.

Os/as veciños/as con formación e experiencia suficiente no exercicio profesional ou con vocación relacionada coa Protección Civil pero que non poidan ser voluntarios/as operativos poderán estar unidos á A.V.P.C., mediante a figura de colaborador/a en misións de orientación, asesoramento, asistencia técnica ou axuda económica.

A figura de colaborador/a pódese facer extensiva á aquelas entidades que desexen colaborar coa A.V.P.C.

### Artigo 5º.- Vinculación co Concello

A vinculación dos/das voluntarios/as co Concello non ten carácter de relación laboral, funcional, administrativa ou mercantil, senón tan só de colaboración voluntaria para a prestación de servizos de xeito altruísta, como medio de realización de accións humanitarias de solidariedade social e boa veciñanza.

### Artigo 6º.- Solicitude e requisitos de acceso

A incorporación á A.V.P.C. farase sempre en virtude de solicitude do/da interesado/a, acompañada do DNI, na que fará constar o compromiso de coñecer e aceptar o contido deste Regulamento e demais normativa vixente sobre Protección Civil, así como de executar as tarefas que se lle encomenden polas autoridades competentes. O/a interesado/a na súa solicitude de acceso declarará non estar inhabilitado/a para a función pública por sentenza firme.

Formalizada a solicitude, procederase a inscrición do/a solicitante no Libro Rexistro de Voluntarios/as de Protección Civil e faráselle un carne provisional co fin de que dispoña dunha acreditación identificativa da súa condición de voluntario/a de Protección Civil en tanto non realice o curso de formación nivel básico impartido pola Xunta de Galicia, que será obrigatorio para poder participar nos operativos.

### Artigo 7º.- Facultades e funcións dos voluntarios/as

A condición de membro da A.V.P.C. faculta unicamente para realizar as actividades correspondentes á A.V.P.C., especialmente en situacións de emerxencia nos casos de grave risco, catástrofe, ou calamidade pública e nos operativos organizados e coordinados pola Agrupación.

Os/as voluntarios/as non poderán realizar actividades de carácter persoal, amparándose na pertenza á Agrupación.

As funcións de voluntariado son, entre outras, as de promoción da prevención e autoprotección cidadá, así como a colaboración, auxilio e apoio dos servizos públicos de Protección Civil e , en todo caso, serán as indicadas no Plan de Emerxencia Municipal (en diante PEMU) e demais de Protección Civil do sistema autonómico, aprobados pola Comunidade Autónoma de Galicia.



## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

### Artigo 8º.- Estrutura e funcionamento

A A.V.P.C. estrutúrase orgánica e funcionalmente, en seccións, de acordo ás necesidades existentes no Concello e, en todo caso, disporá das seccións correspondentes en consonancia coa tipoloxía de riscos definidos no PEMU e ,se é o caso, no PLATERGA.

Unha vez constituída a A.V.P.C. fixará o seu domicilio social dentro do Concello de Muros, ámbito territorial no que vai realizar principalmente as súas actividades.

Tódalas actuacións que realice a A.V.P.C. en materia de Protección Civil no ámbito local serán sempre autorizadas e coordinadas ou se é o caso, dirixidas pola autoridade local competente.

### Artigo 9º.- Seguro de accidentes e responsabilidade civil

O tratarse dunha Agrupación creada no seo do Concello, este contratará un seguro de accidentes así como de responsabilidade civil por danos a terceiros, que ampare ós membros da Agrupación fronte ós riscos a que estean sometidos no exercicio das súas funcións.

### Artigo 10º.- Uniformidade

Todos os compoñentes da A.V.P.C. no desenvolvemento das súas funcións vestirán coa uniformidade e distintivos establecidos, de acordo coa normativa vixente.

## Capítulo III.- Organización da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Muros

### Artigo 11º.- Organización

Son órganos necesarios da A.V.P.C. o/a Presidente/a, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

### Artigo 12º.- Xunta Directiva

A A.V.P.C. será xestionada e representada pola Xunta Directiva formada por:

- Un/unha presidente/a
- Un/unha secretario/a
- Un/unha tesoureiro/a
- Un/unha vogal

Todos os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán designados e revocados pola Asemblea Xeral e o seu mandato terá unha duración de 4 anos.

Os membros da Xunta Directiva causarán baixa por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á esta, por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas e/ou por expiración do mandato.

As baixas producidas na Xunta Directiva durante o mandato poderán se substituídas por acordo maioritario da Asemblea Xeral.

Os membros da Xunta Directiva que tiveran esgotado o prazo para o que foron elixidos continuarán ostentando os seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación dos/as que os substitúan.

A Xunta Directiva reunirse cantas veces o determine o/a presidente/a, ou a iniciativa ou petición de polo menos 1/3 dos seus membros.



## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

Quedarán constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados pola maioría simple dos membros presentes.

No caso de empate, o voto de calidade do/da presidente/a decidirá a cuestión.

### Artigo 13º.- O/A Presidente/a

O/a presidente/a da A.V.P.C. será elixido/a democraticamente pola Asemblea Xeral entre os membros que teñan a condición de voluntario/a de pleno dereito, de acordo ó establecido na lexislación vixente.

A duración do mandato será de tres anos podendo ser reelixido para novos mandatos.

O/a presidente/a asume a representación legal da A.V.P.C. e será un dos interlocutores ante o órgano competente en materia de Protección Civil da Xunta de Galicia e, no seu caso, antes outras institucións e organismos os efectos administrativos e operativos.

Asemade, o/a presidente/a terá as seguintes atribucións:

- a) Convocar, presidir e levantar as reunións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixir as deliberacións de unha e outra e decidir os empates con voto de calidade.
- b) Ordenar pagos e autorizar coa súa sinatura os documentos, actas e correspondencia.
- c) Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Agrupación aconselle no desenvolvemento das súas actividades e resulta precisa ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.
- d) Representar legalmente á Agrupación ante toda clase de organismos públicos ou privados.
- e) Executar os acordos adoptados pola Xunta Directiva e Asemblea Xeral.
- f) Autorizar ós/ás voluntarios/as a asistencia os cursos, convocados pola A.V.P.C. ou por outros organismos.
- g) Propoñer ó Concello a adquisición de material para a A.V.P.C. e a solicitude das correspondentes subvencións ante entidades públicas e privadas.
- h) Formalizar os convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.
- i) Incoar e resolver os expedientes sancionadores por incumprimentos previstos neste Regulamento.
- j) Velar polo cumprimento do presente Regulamento.

### Artigo 14º.- A Xunta Directiva

As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral, a todos os actos propios das finalidades da Agrupación, sempre que non requiran, segundo este Regulamento, autorización expresa da Asemblea Xeral.

Mais concretamente, a Xunta Directiva ten as seguintes atribucións:

- a) Dirixir as actividades da A.V.P.C. e levar a xestión económica e administrativa da Agrupación, acordando realizar os oportunos contratos e actos.
- b) Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- c) Formular e someter a aprobación da Asemblea Xeral os balances e contas anuais.



## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

- d) Resolver sobre a admisión de novos membros
- e) Nomear delegados ou delegadas para algunha determinada actividade da Agrupación.
- f) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral.

### Artigo 15º.- Funcionamento da Xunta Directiva

A Xunta Directiva celebrará como mínimo dúas sesións ó ano, e cantas veces sexa convocada polo/a presidente/a, a iniciativa propia ou a solicitude da terceira parte dos seus membros.

Será presidida polo/a presidente/a e para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría simple dos seus membros.

De cada sesión levantarase acta que será transcrita ó Libro de Actas

As vacantes que se puideran producir durante o mandado de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisionalmente entre os citados membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral.

Para a elección de membros da Xunta Directiva formarase unha xunta electoral que será a que regule e presida o procedemento de elección e estará composta por 5 voluntarios/as da A.V.P.C. que serán os seguintes:

- O/a voluntario/a mais antigo/a que actuará como presidente/a
- A/a voluntario/a mais recente.
- O/a voluntario/a de maior idade.
- O/a voluntario/a de menor idade.
- Un/ha voluntario/a elixido polos anteriores que actuará como secretario/a.

### Artigo 16º.- O/a secretario/a da Xunta Directiva

O/a secretario/a da Xunta Directiva forma parte da mesma con voz e voto e terá as seguintes funcións:

- a) Preparar os asuntos que deban ser incluídos na orde do día das sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral e coidar de que sexan debidamente notificados a todos os membros
- b) Levantar acta das sesións da Xunta Directiva e Asemblea Xeral, transcribir as actas no Libro de Actas e expedir certificacións.
- c) Dar cumprimento ós acordos adoptados efectuando as correspondentes notificacións.
- d) Recibir e tramitar as solicitudes de ingreso na A.V.P.C. así como levar e custodiar o libro rexistro de voluntarios/as.
- e) Dirección dos traballos puramente administrativos da Agrupación.
- f) Presentación de contas anuais e o cumprimento das obrigas documentais nos termos que legalmente correspondan.

### Artigo 17º.- O/A tesoureiro/a da Xunta Directiva

O/a tesoureiro/a recadará e custodiará os fondos pertencentes a Agrupación e dará cumprimento ás ordes de pago que expida o/a presidente/a.



## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

### Artigo 18º.- Os/as vogais da Xunta Directiva

Os/as vocais terán as obrigas propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva, así como as que se xeren das delegacións ou comisións de traballo que a propia Xunta lles encomende.

### Artigo 19º.- A Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral está formada pola totalidade de voluntarios/as e é o órgano supremo de goberno da Agrupación. A Asemblea Xeral, terá as seguintes atribucións:

- Aprobar, no seu caso, a xestión da Xunta Directiva.
- Examinar e aprobar as contas anuais.
- Aprobar ou rexeitar as propostas da Xunta Directiva en orde as actividades da Agrupación.
- Calquera outra que lle encomende a Asemblea.
- Nomeamento dos membros da Xunta Directiva.
- Modificación dos estatutos.
- Disolución da Agrupación.
- Expulsión de voluntarios/as a proposta da Xunta Directiva.
- Constitución de Federacións ou integración nelas.
- A aprobación da proposta de creación de seccións, equipos de intervención, grupo, etc, ós que fai referencia o presente Regulamento.

### Artigo 20º.- Reunións da Asemblea Xeral

As reunións da Asemblea Xeral serán de carácter ordinario e extraordinario.

A Asemblea celebrará sesión ordinaria unha vez ao ano, dentro dos tres meses seguintes ao peche do exercicio.

A Asemblea celebrará sesión extraordinaria cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo do presidente ou presidenta, cando a Xunta directiva o acorde ou cando o propoñan por escrito, ao menos unha décima parte do persoal voluntario da Agrupación.

As convocatorias faranse por escrito, expresando o lugar e data e hora así como a orde do día e deberán ser notificados cunha antelación mínima de 15 días hábiles a súa celebración.

A convocatoria acompañarase do borrador da acta da última sesión para a súa aprobación.

Na propia convocatoria, farase constar a data en que se reunirá a Asemblea Xeral en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra reunión poida mediar un prazo inferior a media hora.

A Asemblea Xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran 1/3 dos voluntarios/as operativos inscritos no Libro Rexistro de Voluntarios e, en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de voluntarios/as operativos/as asistente.

Os acordos adoptaranse por maioría simple dos presentes, como regra xeral.

Os acordos adoptaranse por maioría absoluta nos seguintes supostos:





## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

- Nomeamento da Xunta Directiva
- Disolución da Agrupación.

O/a secretario/a da Xunta Directiva serao tamén da Asemblea e deberá levantar acta das sesións ou, no seu defecto, o/a responsable da Agrupación, e transcribiranse ó Libro rexistro de Actas á que se refire o artigo 16 do presente Regulamento.

### Capítulo IV.- Formación e perfeccionamento

#### Artigo 21º.- Formación dos voluntarios/as

A formación dos membros voluntarios/as, baseada en coñecementos e habilidades relacionadas coas características propias deste servizo, ten como finalidade facilitar a incorporación destas persoas en condicións de garantía e eficacia, así como contribuír á selección dos/as aspirantes. A actividade formativa e de perfeccionamento do persoal voluntario, será a regulada pola Academia Galega de Seguridade sen menoscabo da impartida por outras institucións oficiais ou entidades homologadas.

### Capítulo V.- Dereitos e deberes

#### Artigo 22º.- Dereitos dos/as voluntarios/as

Son dereitos do persoal voluntario de Protección Civil no exercicio da súa labor de colaboración os seguintes:

- Recibir a información, formación, orientación, apoio e, se é o caso, medios materiais necesarios para o exercicio das funcións que se lles asignen.
- Dispoñer dunha acreditación identificativa da súa condición de voluntario/a de Protección Civil.
- Empregar a vestimenta homologada polo organismo competente en materia de Protección Civil da Xunta de Galicia.
- Realizar a súa actividade nas debidas condicións de seguridade en función da natureza e características daquela.
- Participar na elección do/a presidente/a da A.V.P.C. de entre os seus membros e demais cargos previstos no presente Regulamento e poder ser elixibles.
- Ser tratados/as sen discriminación respectando a súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas.
- Non ser asignados/as á execución de tarefas alleas ós fins e natureza da entidade.
- Obter o respecto e recoñecemento polo valor social da súa contribución
- Obter a certificación respecto da actividade desenvolta, con constancia dos seus datos persoais, duración e natureza da actividade.
- Ser reembolsados dos gastos que lles poida ocasionar a actividade de voluntariado
- Estar asegurados/as polos riscos que poidan derivar do exercicio da actividade de voluntariado.
- Tomar parte en cantas actividades organice a Agrupación en cumprimento dos seus fins e de acordo a súas capacidades.
- Desfrutar de todas as vantaxes e beneficios que a Agrupación poida obter.
- Facer suxestións aos membros da Xunta Directiva para mellor cumprimento dos fins da Agrupación.



## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

### Artigo 23º.- Deberes dos/as voluntarios/as

Son deberes do persoal voluntario de Protección Civil no exercicio da súa labor de colaboración os seguintes:

- a) Gardar, cando proceda, confidencialidade da información recibida e coñecida durante o desenvolvemento da súa actividade como voluntario/a de Protección Civil, mantendo segredo análogo ó profesional.
- b) Rexeitar calquera tipo de contraprestación económica que puidese recibir dos cidadáns afectados directa ou indirectamente polas actividades desenvolvidas.
- c) Actuar de forma dilixente e solidaria, cumprindo coas indicacións e normas ditadas polos seus mandos naturais e as autoridades de Protección Civil.
- d) Participar nas tarefas formativas previstas pola autoridade competente de Protección Civil ou pola A.V.P.C., así como nas que con carácter permanente se precisen para manter a calidade das prestacións.
- e) Empregar axeitadamente a vestimenta de Protección Civil cos seus distintivos.
- f) Coidar e utilizar de xeito adecuado os recursos e medios materiais que poña a súa disposición a A.V.P.C. ou, de ser o caso, as autoridades de Protección Civil.
- g) No suposto de causar baixa na A.V.P.C. por calquera circunstancia, entregará a tarxeta de identidade e o uniforme ó/á responsable da Agrupación así como o material que lle fora asignado.
- h) Cumprir os compromisos acordados coa Agrupación.

### Capítulo VI.- Recompensas e sancións.

#### Artigo 24º.- Recompensas

As condutas dos/as compoñentes da A.V.P.C. serán obxecto de valoración polos procedementos que se establezan nas correspondentes instrucións de desenvolvemento deste Regulamento.

Distinguiranse, como proceda, as condutas meritorias e sancionaranse as infraccións, de conformidade do establecido neste Regulamento.

As recompensas e sancións anotaranse no expediente persoal do interesado/a.

As accións meritorias que impliquen un nivel de dedicación superior ás actividades ordinarias do servizo ou riscos para a vida e a integridade dos voluntarios/as, poderán ser recompensadas co recoñecemento público mediante o correspondente escrito da Alcaldía ou a formulación pola mesma de proposta para a concesión das medallas ó mérito, ás placas e diplomas de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia ou outras distincións que poidan conceder as distintas Administracións Públicas ou o Concello, no seu caso, para premiar actos de natureza especial.

#### Artigo 25º.- Infraccións e sancións

As infraccións ó disposto neste Regulamento sancionaranse, previa tramitación do correspondente expediente, unha vez escoitado ó/á interesado/a que poderá, en todo momento, facer as alegacións oportunas.

As faltas consideraranse leves, graves ou moi graves.

I. Estimaranse como faltas leves e serán sancionadas con apercibimento ou suspensión inferior a un mes, atendendo ás circunstancias que concorran, as seguintes:



## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

- a) O descoido na conservación e mantemento do equipo e material que tivera o seu cargo no cumprimento das misións encomendadas.
- b) A desobediencia ós responsables da A.V.P.C. sempre que non afecte ó servizo que deba cumprirse.
- c) As demais infraccións ou omisións, con carácter leve, ó presente Regulamento.

II. Estimaranse como faltas graves e serán sancionadas con suspensión de un a seis meses, atendendo as circunstancias que concorran, as seguintes:

- a) Negarse ó cumprimento das misións que lle sexan encomendadas sen causa xustificada,
- b) A utilización, fora dos actos propios do servizo, do equipo, material e distintivos de Protección Civil.
- c) O deterioro ou perda, por negligencia, do equipo, material, bens ou documentos do servizo o seu cargo e custodia.
- d) As omisións ou infraccións graves ó preceptuado neste Regulamento
- e) A acumulación de tres faltas leves

III. Estimaranse como faltas moi graves e serán sancionadas coa expulsión as seguintes:

- a) Deixar de cumprir, sen causa xustificada, as esixencias do servizo.
- b) Observar mala conduta ou sen sancionado reiteradamente por tres faltas graves.
- c) Ser condenado/a por calquera acto delituoso, a excepción das condenas derivadas de accidentes de circulación non producido por inxestión alcohólica ou de calquera sustancia psicotrópica.
- d) Utilizar ou exhibir indebidamente, o uniforme e/ou as identificacións do servizo.
- e) A agresión de palabra ou obra, a calquera membro da Agrupación e a desobediencia que afecte á misión que deba cumprirse.
- f) Negarse a cumprir as sancións de suspensión que lle foran impostas.

As faltas leves prescribirán ó mes.

As faltas graves prescribirán ó ano.

As faltas moi graves prescribirán ós tres anos.

Artigo 26º.- Principios xerais do procedemento sancionador.

Os principios xerais do procedemento sancionador serán os seguintes:

- Para a imposición de sancións por faltas leves non serán preceptiva a previa instrución de expediente, salvo trámite de audiencia
- Para a imposición de sancións por faltas graves e moi graves, será preceptiva a previa instrución de expediente.

Capítulo VII.- Rescisión do vínculo coa A.V.P.C.

Artigo 27º.- Rescisión do vínculo



## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

A relación de colaboración voluntaria coa A.V.P.C. rematará:

- a) A petición do interesado/a.
- b) Por defunción.
- c) Por declaración de incapacidade
- d) Por solicitude de baixa temporal ou definitivamente.
- e) Perda dalgunha das condicións esixidas para poder ser voluntario/a.
- f) Quedar incurso/a en situación de inhabilitación para o exercicio de cargos públicos por sentenza firme.

### Artigo 28º.- Baixa temporal

Considerarase baixa temporal na A.V.P.C. a suspensión da actividade na mesma como consecuencia de sanción ou ausencia inferior a tres meses que teña motivos xustificadas que sexan comunicados oportunamente e a ausencia por traslado temporal de domicilio.

### Artigo 29º.- Baixa definitiva

Serán causa de baixa definitiva na A.V.P.C.:

- a) A petición do interesado/a.
- b) Incomparecencia do voluntario/a por tempo superior a tres meses, sen causa xustificada, na actividade ordinaria ou especial que lle corresponda.
- c) Incumprimento duns servizos mínimos esixidos de 4 operativos anuais.
- d) Como consecuencia da comisión de falta considerada como moi grave, de acordo co recollido no presente Regulamento.

Acordada a baixa seralle notificada ó/á interesado/a garantíndolle o dereito de audiencia e, unha vez sexa efectiva, o voluntario/a procederá a inmediata entrega da documentación de identidade, distintivo, uniforme, equipo e material que lle fose adxudicado pola Agrupación

### Artigo 30º.- Certificación de servizos

En todo caso expedirase, a petición do interesado/a, un certificado no que consten os servizos prestados na Agrupación, e a causa pola que se acordou a baixa.

## Capítulo VIII.- Disolución da A.V.P.C.

### Artigo 31º.- Disolución

A A.V.P.C. disolverase voluntariamente cando así o acorden na Asemblea Xeral extraordinaria convocada ao efecto por unha maioría de 2/3 dos voluntarios/as.

No caso de disolución nomearase unha comisión liquidadora, quen, unha vez extinguidas as débedas e, de existir sobranse líquido, destinará o mesmo a fins sociais sen ánimo de lucro.

## Capítulo IX.- Dotacións orzamentarias

### Artigo 32º.- Dotacións orzamentarias



## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

As dotacións orzamentarias que permitan o funcionamento da Agrupación virán fundamentalmente dos orzamentos municipais así como de convenios subscritos con outras administracións, de subvencións públicas, legados ou herdanzas que se recibirán de forma legal e calquera outro recurso lícito.

Tamén poderán recibirse axudas mediante convenios establecidos con entidades colaboradoras de protección civil, podendo ter esas entidades colaboradoras a consideración de agrupacións, asociacións, empresas públicas ou privadas.

### Disposición derogatoria

Este Regulamento derroga expresamente o Regulamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Muros aprobado polo pleno deste concello o día 25 de xaneiro de 1996, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

### Disposición adicional

En todo canto non estea previsto neste Regulamento aplicarase o vixente Decreto 56/2000 do 3 de marzo polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actual de voluntarios, agrupación de voluntarios, e entidades colaboradoras en materia de Protección Civil de Galicia, modificado polo Decreto 109/2004 de 27 de maio, a Lei 5/2007 de 7 de maio de emerxencias de Galicia, o Decreto 123/2014 do 18 de setembro, o Decreto 101/2016 de 21 de xullo e supletoriamente a Lei 17/2015 de 9 de xullo do Sistema Nacional de Protección Civil.

Tamén os artigos 80, 81 e 92 da Lei 5/1997 do 22 de xullo da Administración Local de Galicia, Lei 10/2011 do 28 de novembro da Acción Voluntaria, e demais normativa que resulte de aplicación.

### Disposicións finais

1º Pola Alcaldía ou concelleiro/a delegado/a de Protección Civil, ditaranse as instrucións e directrices que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste Regulamento en todo o relacionado cos plans e programas de Protección Civil Municipal.

2º Este Regulamento entrará en vigor unha vez que sexa aprobado definitivamente e publicado integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade do establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local e transcorra o prazo de 15 días hábiles previsto no artigo 65.2 do mesmo texto legal, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO. Someter ou devandito texto a información pública e audiencia das persoas interesadas, con publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. Simultaneamente, publicarase na sede electrónica do Concello de Muros: <https://sede.muros.gal>

TERCEIRO. De non presentarse reclamacións ou suxestións non mencionado prazo, considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno e o Acordo de aprobación definitiva tácita do Regulamento, co texto íntegro do mesmo, publicarase para ou seu xeral coñecemento non taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello: <https://www.muros.gal>

CUARTO. Unha vez aprobado definitivamente este regulamento, notificalo a Dirección Xeral de Emerxencias da Xunta de Galicia.

**SEXTO. Incorporación ao inventario de bens municipal do Concello de Muros da parcela 213 situada en Sistamares, Muros (Exp. núm.: 2023/G003/001038)**

A señora alcaldesa explica a proposta que vén ditaminada favorablemente pola comisión informativa:

“ANTECEDENTES



## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

Vista a Resolución da Alcaldía número 1094/2023 de 16 de novembro de 2023 de aceptación da adquisición gratuíta do ben propiedade de D. Manuel Vigo Iglesias sito no Mirador, Louro.

Vista a escritura notarial número 1136 da notaria Laura del Olmo Blázquez de doazón do solo ser edificar con referencia catastral 15054A009002130000IE.

Visto o acordo de alteración de titularidade catastral da finca con referencia catastral 15054A009002130000IE

E segundo o art. 32.1 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións Públicas imponse a todas as administracións públicas a obriga de inventariar os seus bens e dereitos. O mesmo establece para as entidades locais o art. 17 do RD 172/1986, do 13 de xuño de, aproba o Regulamento de bens das entidades locais. E por outra parte, o art. 34 do RD 172/1986, do 13 de xuño de, aproba o Regulamento de bens das entidades locais establece que o Pleno da Corporación será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do inventario.

Visto canto antecede, esta Alcaldía eleva ao Pleno da corporación e ao estudo previo por parte da comisión informativa a adopción do seguinte acordo:

### ACORDO:

**PRIMEIRO.** Proceder á incorporación da finca ao inventario de bens de titularidade municipal da parcela situada no lugar do Mirador, Louro, coa seguinte descrición:

Nome:	Mirador - Louro
Natureza:	Urbano
Situación:	O Mirador, Louro
Lindeiros:	Norte: linda con dúas parcelas de José Antonio Lago Vidal Sur, Este e Oeste, vía pública.
Superficie:	173 m <sup>2</sup>
Referencia catastral:	15054A009002130000IE
Natureza:	Demaniaal
Título propiedade:	Escritura de doazón número 1136 de 28 de novembro de 2023 ante a notaria Laura del Olmo Blázquez
Destino:	Ben de titularidade municipal, público e veciñal
Dereitos reais:	Non
Dereitos persoais:	Non
Data adquisición:	28/11/2023

**SEGUNDO.** Proceder a inmatricular o ben no Rexistro da Propiedade.

**TERCEIRO.** Facultar á alcaldesa para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

A Sra. Monteagudo sinala que non ten nada que dicir.

A Sr. Lago pregunta en que parte da escritura aparece a condición que o veciño puxo na doazón.

A señora alcaldesa afirma que a escritura fai referencia á Resolución da Alcaldía no que aclara esa condición, e que foi unha dúbida que xa xurdiu ante a notaria e quedou garantido que esta parcela se use única e exclusivamente con ese fin.

O Sr. Lago pide que se lle diga en que parte da escritura se fai referencia a ese decreto.



## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

A señora alcaldesa responde que na páxina oito.

O Sr. Lago di que as cousas hai que facelas o mellor posible e o normal é que na cesión apareceran as condicións do doante.

A Sra. Monteagudo afirma que era conveniente incorporar o acordo na escritura.

O Sr. Lago sinala que vai votar en contra e di que leva esperando por un documento que non se lle enviou dende a toma de posesión e que debería ter recibido, e que é o inventario de bens do Concello.

A señora alcaldesa di que o Sr. Lago afirma que non se lle dá acceso á información e que iso é mentira. Está continuamente a entrar queixas da Valedora do Pobo do Sr. Lago. O Concello ten moito traballo e moitas carencias de persoal, e non como di o Sr. Lago de que se fai mal o traballo, senón que é a carga que cae sobre algúns traballadores.

Rematadas ás intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal do BNG (4), do grupo municipal socialista (2); e co voto en contra do grupo mixto Muros Centrado (1), aproba por maioría absoluta os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Proceder á incorporación da finca ao inventario de bens de titularidade municipal da parcela situada no lugar do Mirador, Louro, coa seguinte descrición:

Nome:	Mirador - Louro
Natureza:	Urbano
Situación:	O Mirador, Louro
Lindeiros:	Norte: linda con dúas parcelas de José Antonio Lago Vidal Sur, Este e Oeste, vía pública.
Superficie:	173 m <sup>2</sup>
Referencia catastral:	15054A009002130000IE
Natureza:	Demanal
Título propiedade:	Escritura de doazón número 1136 de 28 de novembro de 2023 ante a notaria Laura del Olmo Blázquez
Destino:	Ben de titularidade municipal, público e veciñal
Dereitos reais:	Non
Dereitos persoais:	Non
Data adquisición:	28/11/2023

SEGUNDO. Proceder a inmatricular o ben no Rexistro da Propiedade.

TERCEIRO. Facultar á alcaldesa para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

### E. MOCIÓN DE URXENCIA:

#### **Moción por urxencia presentada por Muros Centrado sobre a delegación de competencias**

O Sr. Lago sinala que a urxencia vén motivada pola ausencia da alcaldesa na presidencia das comisións informativas.

A Sra. Monteagudo non o consideran urxente.

A señora alcaldesa di que ademais non o considera urxente e non cre que o teña que decidir o Pleno.

Rematadas ás intervencións a señora alcaldesa dá paso á votación da urxencia e o Pleno da corporación, co voto a favor do grupo mixto Muros Centrado (1); e coas abstención do grupo municipal popular (4), e coa



## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

abstención da Sra. Lago Lestón (BNG), do Sr. Martínez Lago (BNG), da Sra. Martínez Romaní (BNG), e da Sra. Maneiro Pais (PSOE) (4); e cos votos en contra da Sra. Rivadeneira (BNG), e do Sr. Torea (PSOE) (2), rexeita a urxencia da moción.

### **F. PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO**

**SÉTIMO.** Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 2/2024 do 2 de xaneiro de 2024 ata a núm. 78/2024 do 30 de xaneiro de 2024, e das XGL núm. 1 do de 10 de xaneiro de 2024 e da núm. 2 do 24 de xaneiro de 2024 e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal

#### **OITAVO. Rogos e preguntas**

##### **Rogos e preguntas do pleno anterior do Partido Popular:**

A señora alcaldesa di que preguntaron por dúas facturas das caldeiras de biomasa no local do club de remo e na piscina e cédelle a palabra ao Sr. Torea para que o explique.

O Sr. Torea sinala que había deficiencias nas caldeiras que había que solucionar para que funcionasen ben.

A señora alcaldesa di que preguntaron polo financiamento de Protección Civil e dálle a palabra á Sra. Maneiro para que responda.

A Sra. Monteagudo matiza que preguntaron cantos e cales recursos.

A Sra. Maneiro responde que se colocou un repetidor nas antenas para dispoñer dunha frecuencia propia, que teñen proxectado un arranxo no teito da sede, teñen solicitada unha subvención dende o Concello para material informático para o servizo, e que se lle deu orde de que poden coller comida e auga a conta do Concello tanto neste municipio coma noutro.

A señora alcaldesa di que queren saber quen son os titulares das contas bancarias aos que se lle ingresou a asignación dos grupos políticos, e responde que os mesmos que en anos anteriores, agás Muros Centrado que non presentou a documentación.

A Sra. Monteagudo di que pediron que se enviara unha documentación que non se lle enviou, e señora alcaldesa di que foi un rogo que non teñen que contestarlle no pleno.

##### **Rogos e preguntas do pleno anterior de Muros Centrado:**

A señora alcaldesa di que o Sr. Lago pregunta pola normativa para levantar os reparos por parte da Alcaldía, e sinala que non hai unha normativa concreta, que o que se utiliza é o criterio de evitar o enriquecemento indebido.

##### **Rogos e preguntas para este pleno do Partido Popular:**

A Sra. Monteagudo di que volve a preguntar por unha mesma adxudicación en dous decretos distintos. O 1226 e o 1218, que xa preguntara no anterior pleno.

A Sra. Monteagudo pregunta por dúas ausencias da señora alcaldesa e que non viron ningunha delegación. A señora alcaldesa responde que as dúas foron viaxes que non excederon as 24 horas.

A Sra. Monteagudo pregunta con respecto á colocación da bandeira no parque infantil, se tiñan permiso dos organismos que corresponden para colocala e se o Concello financiou un acto do BNG; a señora alcaldesa responde que a colocou o Concello.

A Sra. Monteagudo sinala que a memoria de Muros Consume Consciente non coincide coas facturas presentadas, polo que pide que se lle explique a que debe esas diferenzas.





## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

Pregunta se se dou conta na mesa de negociación de que se está a contratar a monitores da piscina con contratos de servizos e se fixeron algún avance coa RPT.

Pregunta se fixo algunha reunión a Mancomunidade de Auga e se se adoptou algunha decisión; a señora alcaldesa responde que houbo xuntanzas co alcalde de Carnota, e que se convocará en breve unha asemblea. Di que se fixo o traspaso da presidencia e que van facer a convocatoria. Remata dicindo que esta mancomunidade leva en precario dez anos.

A Sra. Monteagudo di que volven preguntar polo camiño de acceso á Anido e polas pasarelas de acceso ao Pozo do Cachón, que están moi deterioradas; a señora alcaldesa responde que a primeira vindo de Anido ten que quedar colocada nun mes. E con respecto ás outras, a señora alcaldesa responde que hai que facer o proxecto e que se está traballando para mellorar esa zona.

A Sra. Monteagudo pregunta se presentaron proxectos ao GALP, e a señora alcaldesa responde que van dous, a creación dun sendeiro que une o camiño de Muros Noia co de Fisterra e a rehabilitación da antiga escola da Vesada, en colaboración con Adibismur e coa Asociación de mulleres do mar, para un proxecto de aula sostible e ambiental.

A Sra. Monteagudo roga que revisen o paseo marítimo da zona de Espadanal.

Roga tamén a limpeza das arquetas e canles da cantina do campo de fútbol Eleuterio Balayo.

Pregunta pola subvencións a deportistas e clubs, e cando van asinar os convenios cos clubs de remo; a señora alcaldesa di que teñen unha nova reunión cos clubs de remo para afinar os convenios.

### **Rogos e preguntas para este pleno de Muros Centrado:**

O Sr. Lago roga que se poña nos decretos a data de solicitude das persoas interesadas.

Roga que os proxectos que presente o Concello se redacten en galego, segundo establece o Regulamento de uso do galego do Concello de Muros, e do mesmo o xeito, os avogados e avogadas do Concello.

Roga que se acuda aos servizos xurídicos que ofrece a Deputación da Coruña.

O Sr. Lago volve a rogar que a señora alcaldesa deixe intervir ao público asistente ao final da sesión.

Pregunta por que é presidente do Tribunal de peón especialista unha persoa allea ao concello de Muros; a señora alcaldesa responde que todo o tribunal é alleo ao concello, debido a vínculos familiares e de afinidade.

Pregunta polo decreto 63/2024 de contrato de limpador de edificio no que hai un erro.

Roga que a policía local controle a velocidade dos vehículos na Axesta, na rúa Real e na Ancha.

E sen máis asuntos que tratar, a señora alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as vinte e tres horas e quince e cinco minutos, e de todo o que eu como secretario accidental dou fe.

A secretaria

Documento asinado electronicamente.